

# Índice cultural e artístico do Renacemento galego

Cecais por vez primeira a mocidade descoñecida ocupa unha tribúa que consagraron figuras insíñes da nosa cultura. Pero eu debo decirvos que ao vir a ela, pra colaborar n-ista xeira de conferencias tan felizmente iniciada non o faigo cun dereito que a erudición e a experencia me houbesen dictado, sinón coa forza do sopro instintivo que respalda o temperamento e a intuición dun mozo universitario da Galicia nova, disposto a deixar ouvir a sua voz trémula, despois das lucubracións sosegadas e fondas dos conferenciantes que por aquí desfiaron. Veño a falarvos dun tema amprísimo, e quero chamarvos a atención e previrvos contra dalgún posible prexuicio: eu non veño eiquí con unha laboura de crítica, sinón con unhos breves comentarios, con un noticieiro informativo, que me impoñen necesariamente a miña cativa capacidade científica e a desproporción do tempo en relación coa amplitud do asunto. Eu pretendendo desenrolar n ista noite un «Índice cultural e artístico do renacemento galego» e penso que a mesma forza apostólica do Tema, cubrirá a moitedume de deficiencias que inevitablemente terán de se producir ao longo d-ele. Velehi como n-iste filmófono que vai a perfeitamente diferenciadas poden estar xunguidas por unha fatalidade do seu siño histórico, poden constituir un mosaico de pobos vivindo dentro dun Estado armoñoso que en troques de estrangular sistemáticamente as suas diferencias particulares, as respete e ainda as fomente i estimule. Pro en canto aos probremas da sua cultura, cuia raizame xurde das mais fondas encrucilladas da i alma das razas, xa esta unificación non é posibel. Falar da cultura hespañola dun xeito unitario e ausoluto, sería unha afirmación sin senso ninrazoamento. Pero é que xa dende o século XVI cando se fala de literatura hespañola, fálase na realidade de literatura castelán como si a hexemonia e o imperialismo antipático de Castela, ao mesmo tempo que impuña as suas desditadas normas políticas, se houbase apoderado tamén da ialma dos pobos de Iberia. Hespaña no desenrolo da sua vida cultural recababa a adhesión de terras peninsulares que adoitan como propia a idea hispánica de orixe castelán. Identificados coa enriquetaban o seu patrimonio artístico literario dentro d-unha política de asimilación. Mais sempre, frente á cultura que xurdiu da expansión do núcleo matriz Castela León, ergueronse outras que como a portu-

ser a miña disertación, soio atoparedes unha boa fé pra vos suscitar o aprendizaxe de algunas cousas novas e a lembranza de outras xa sabidas.

A lei da estreitura natural da sociedade humán —ten dito Prat de la Riva— é a lei das nacionalidades: E o feito das nacionalidades é tan vello como a lembranza do mundo perpetuado pol-a historia. Jaurés afirma que «as nacionalidades son grupos históricos que teñen conciencia da sua continuidade e da sua unidade». Estas nacionalidades



(DIBUXO DE MASIDE)

guesa, como a catalana e como a galega tiñan un posto prominente no mundo das culturas. É verdade que co esplendor das letras de Castela no século de ouro as outras literaturas somellaban mortas e fallas de alento, pro tamén é verdade que a sua razón, atopábase no verse privadas sistemáticamente das suas propias linguas e obrigadas a adoptar outra distinta que tiña de facer de vehículo artificioso dun espírito diferente e alleiro.

Non embargantes, aquelas culturas, aquelas formas do espírito, afogadas pol-o balbordo dos sucesos políticos alleos á sua esencia, que se ollaron interrumpidas na sua marcha cara á cumiación, habían de rexurdir puidentes e con novos azos, cando someillaban mortas. Max Weber falando do crepúsculo da cultura antiga, escribe que o despotismo tivo que afogar e oprimir en certa medida, psíquicamente, ao home antigo, a sua vida pública, a sua cultura... A vida espiritual de Oicidente sumiuse, asín, en longa noite. Mais a sua caída lembra a aquel xigante do mito helénico que recobraba novas forzas cando tocaba o seio da nai terra. Na Edade Meia o vello xigante rexurdiu dotado de nova força i erguéu o legado espiritual da antiguedade á luz de unha moderna cultura. Do mesmo xeito as culturas peninsulares ibeiras desfeitas despóticamente no século XV voltan no XIX e no XX a alumear con fito de epopeia os ronseles da cencia universal. Voltan criando formas novas, con enerxías insatisfeitas, sementando as suas inquedanzas de traballo, ceibes xa de fórmulas imperiás veciñas sempre da decadenza, sobre todo nos eidos do espírito.

E niste senso é quizabes a cultura galega, a que adequire más relevancia, porque a sua historia artística e filosófica era un precedente grorioso que non contrastaba co seu forte despertar romántico dos derradeiros tempos. De estudo concienzudo do pretérito pra fixar tedolos aspeitos da nosa persoalidade. De aviventamento do espírito do medioevo. Porque o romanticismo, en certo modo, é eso, un renacemento de algúns principios e formas medievás como o Renacemento o fora da civilización greco-latina. Anque nin un nin outro teñen por base un retorno a unha antiga civilización. E si a palabra romanticismo define ben a época da civilización a que se aplica, non é tanto pol-a definición literal, que corresponde á base da época pasada que procurou, como pol-o senso sentimental que a verba adequiriu. Mais deixando á beira istas divagacions, compre citar anque soio sexa de esguello, os nomes e as figurás de aquela tradición mais antiga da nosa psicoloxía no filosófico e no artístico, de aquela tradición que marca e inicia con Prisciliano unha doutrina panteísta e antidogmática en pleno século IV, escontra do poder oficial da Igrexa na Hespaña, que lle fai morrer heroicamente por non renegar da crara luz que ardia no seu cerebro de galego humanísimo. Que logra no XVII co célebre tratado «De Quod nihil scitur» de Francisco Sánchez adiantarse a Kant e a Descartes, cando a loita antre as ideas medievás e as do Renacemento abriran motivos de discusión. E que culmina no XIX con Feijoo, co seu «Teatro Crítico» coas suas «Cartas eruditas» en que a ironía, o humor e o escepticismo sinalan as bases psicolóxicas da superior vida mental do pobo galego. É con el e con Sarmento con quen se comenza nas cencias críticas e filosóficas o regreso dos sabios galegos ao estudo da sua terra natal.

No artístico, son os cancioeiros a más xenuina representación da alma popular, a mais antiga tradición da arte do pobo, en que a sentimentalidade alterna co senso intuitivo da paisaxe, a intimidade do poeta, coas couzas que o arrodean, as cantigas de ledino e romería coas chamadas Tenzóns d'amor. Son as voces poéticas mais exquisitamente delicadas que xurden das fonduras dos séculos, XII, XIII e XIV. Cando Compostela, fiel das estradas de Europa, n'aquel tempo, era o punto de contaito entre aquela maneira lírica e as correntes vindas de fora. Era o centro focal que soupo impôr, co seu domínio espiritual sobre as terras percorridas pol as longas estradas da romaxe, a nosa lingua, deixa lograr que compartise coa provenzal a hexemonía poética do Oicidente románico. Era o campo, onde xurdían doulos feitos cumes na historia das artes: a escola escultórica de Mateo e a escola literaria dos Cancioeiros, respondendo a un tempo ao seu caráter ecu-

ménico e á sua posición verdadeiramente creadora na cultura galega. E así a nosa poesía de tanta prestancia lírica pódese decir que é precursora da castelá en todo canto tén de sentimento e de finura deica antes do Renacemento. Tén tan forte suxestión pra nós, que a sentimos inmorredoira e fondamente temperamental nas xanelas do tempo. En Airas Nunes, en Bernal de Bonabal, en Martín Códax, en Gómez Charino, en Macías de Padrón que morreu de lexendarios amores, como tiña morto, trés séculos denantes, Egas Muñiz....

\* \* \*

A unificación das distintas nacionalidades ibeiras e o predominio da hexemonía castelá, apaga a lumieira da nosa cultura, afoga a nosa groriosa lírica, e Galicia perde o mais intresante da sua fisonomía. Iniciase a decadencia. Unha literatura xenreirosa dispara contra de nós todolos pulos da sua vileza. Entra na nosa terra con ár de imperio e de despotismo, a lingua e a cultura castelán, logrando un relativo trunfo que non conquiri desfacer os derradeiros restos do noso espirito. Nin logróu a entrada en Galicia do góticu, nin do mozárabe, nin do mudéjar. Proba da resistencia da nosa cultura contra as forzas contrarias que a toda hora trataban de esborrallala.

E logo xa nos fins do XVIII e comenzaos do XIX cando o despertar das enerxías galegas atopou eco naquelas loitas liberadoras, xurde un anovamento romántico nas nosas letras, que volta de novo ao noso idioma nun lengaxe poético, i escribe nil a sua «Alborada» Nicomedes Pastor Diaz, o máis romántico, o romántico por definición da lírica castelá. I empréga o autor de «Recordos da infanzia», Añón, capitán da Estadea, que rubía as costas do Porto, falando da patria e do porvir con Faraldo e Romero Ortiz. E usao Aurelio Aguirre que con Pondal ergueu no Banquete de Conxo o seu berro de revolta. E toda «a coral variada dos poetas d-iste século, que sentiron o estralar puidente da silva dos pobos, da étnica adurmiñada, do senso do abrente, epopeíco, sempre esperto na ialma das linguas e das xentes asentadas nas veigas e nas encostas da Europa. Dos poetas que intentan compoñer a figura da Galicia, recriada a potencia que no vinte se volta aitualidade, e refacer a sua cultura: latexar de lume oicidental eisposto aos ventos do mundo». É daquela cando a poesía galega volve a chamar a atención do orbe, encarnada nas suas tres figuras cumios: Rosalía, Curros e Pondal.

*Rosalía de Castro*, alma delicada de muller que chora e canta polos mesmos motivos que cantan os paxaros e se abren as froles. Rosalía a cantora inmortal, era un corazón armoñoso, cheo de resoancias. Rosalía que debutara en Compostela ante un vô de pombas e de folliñas azúes con versos románticos, despois, ao terse axitado a vida do seu espirito nas modas de fora e na reflexión do enxebre, viviu a door da sua raza e viviu a door da sua vida. «Follas Novas», «Cantares gallegos» ainda resoan nos nosos ouvidos, como resoan os versos «de lume do poeta que viu a sua soma errante, na orela do mar, como unha tola baixo do pasmo da noite». «Na frente unha estrela – no bico un cantar».

*Curros Euríquez*, pol-a contra, apostrofa coa cabeleira axitada por todolos ventos revolucionarios. Curros dá un matiz de rebeldía á nosa lírica, e fulmina e condena en versos de axis avanzadas. Curros, como denantes Añón e despois Lugris Freire e Cabanillas e Taibo, tunde a tralazo limpo os lombos dos opresores.

*Eduardo Pondal* é a lira de ferro. O grandioso misántropo que vive frente ao mar na costa brava, cantando as rocas e as olas nun halo de misterio e perpetuidade. Pondal é da raza de aqueles poetas que gardan un ecoar salgado do Atránteco. Todos fillos da grande familia espiritual dos Fisterres, da familia cósmeca i eterna, da úneca que guarda un ollar sinxelo e creador baixo das mais diferentes e compretas culturas. Pondal, poeta atránteco como Leconte de Lisle, que paseando a pé pol-a Armónica co pintor Theodoro Rousseau, estivo a piques de morrer sorprendido pol-a marea ao pé da célebre peuedía do Monte Saint-Michel. Como Tristán Corbiére, tamén outo e soilo. Como Lois Tierce-

lin o xefe do movemento literario celto-bretón nos derradeiros anos do XIX, como Théophile Feret, como Le Goffic. E na nosa literatura, denantes Martín Codax, o cantante das «Ondas do Mar de Vigo», e despois, nos nosos días, Manuel Antonio e Blanco Amor. En todos eles, nos ameneiros das suas estrofas, brúa o ár do Atrántico recollido no horizonte misterioso do Océano Oidental.

E chegamos xa aos preludios do noso tempo. Galicia amostra o espeitáculo multi-forme e rico en suxestíos dun renacemento totalista e integral. O movemento escomenzado pol-as Irmandades da Fala atrae sobre todo aos estudiantes e aos mozos con devoción literaria e por toda a nosa terra se extende a emoción nacionalista, unha emoción que apreixa integralmente todolos aspeitos da vida galega. Os espertares nacionais alumearon os diferentes manantías da nosa vitalidade: a lingua e o estilo, o senso filosófico e o esforzo ledo do traballo, do agro e da mar. Galicia coñece a esencia do seu espírito e faino frolecer en todalas suas variadas direcícios.

Aparecéu a i-alba d-unha xeneración. Agromaron en abril de sensibilidade tanteos dun tempo cego que aspiraba a atopar a sua luz propia, apalpando mentres cun caxato de inquedanza. E ista xeneración é a que fai posible a gran laboura a realizar, porque son homes da chamada cultura que souperon casarse co ser galego, e tiña que resultar o tipo superior, o verdadeiramente home da cultura.

Vese con craridade, certeiramente a atinada frase de Ortega y Gasset: «Desgraciada a raza que non fai un outo na encrucillada enantes de proseguir a sua foita; que se non fai un problema da sua propia intimidade; que non sinte a heroica necesidade de xustificar o seu destiño, de emborcar craridás sobre a sua misión na historia; porque ningúen pode orientarse no universo senón a través do diverso da sua raza, xa qua vai acochado n-ela como a pingota de auga na nube viaxeira...»

Todo elo tivo prasmación na práitica, e púbricase *A NOSA TERRA*, órgao do periodismo novo, donde tantos poetas mozos se deron a coñecer. Logo aparece a revista NÓS, revista de cultura que nos honra e prestixia, lida en Francia, en Alemania i en América, que establece un grande e comprensivo intertroque espiritual antre os nosos irmáns portugueses e irlandeses e que aporta en cada un dos seus números, un tesouro de coñecimientos ao acervo da nosa cultura. Despois aparece «Céltiga» no Ferrol, que acomete por vez primeira a publicación regular de novelas cortas en galego. «Alborada» en Pontevedra. «Libredón» en Santiago. «Lar» na Cruña, e «Follas Novas» da que soio saiu un número c-unha escolma de versos de Añón. As correntes mais avanzadas da cultura universal, volcan a sua xenerosa inquedanza n ista corrente puxante e varia da mocedad galega de hoxe, e a nosa endocultura dá a cotío as suas frolacíos orixinias.

«Somos Europa. Traballamos no cerne da Europa misma. Do mesmo xeito que os picos dos canteiros picando a pedra celta deron no barroco unha forma ao espírito galego e ao espírito europeo».

Pero asin como o movemento do século XIX se caraterizou pol-o seu senso lírico aneios de liberación e somentes se preocupou d-ise soio aspeito da nosa cultura. Ago- ra pol-a contra, seguros xa dos nosos destiños, o espírito nacional manifestase en toda a sua efectividade vital. Cultívanse todal as ramas do saber. O nacionalismo galego, que mais que un movemento político é unha xeira de postulados de cultura dá coa sua formula integral. Da poesía pasou á prosa, meteu-se na política, faguéndose carne na literatura, na pintura, na música, na escultura, no ensaio, na filosofía, no folklore, para chegar incruso a impôr novas interpretacións do económico e novos meios de conducta no mundo das finanzas, nas esferas do insiño e no terreo do agrarismo.

Mais como dí Viqueira, «así como Teixeira de Pascoaes atopou na i-alma de Portugal como elemento predominante o lírico, na i alma de Galicia, mais próxima a illa do que se coida, tamén se atopou como principal elemento iste lírico». O lírico é un motivo esencial da nosa i-alma. Lírico é algo más que fonte de poesía lírica. Afirma-

se por eso a eisistencia dun caraiter lírico. E iste é, en xeral, o noso caraiter en todolos tempos da nosa historia. Por iso n-iste movemento aitual, pesie o seu senso polifacético, predomiña nil e adquiere enorme relevancia, debido a aquelas razóns, o sentido artístico puro na sua produción cultural. O outo expoñente de poetas, de pintores, de escultores, de músicos, así o acredita.

## MOVIMENTO LÍRICO

Estamos asistindo a un claro, magnífico movemento revolucionario lírico que nos pón en frente de todolos camiños da Europa, asinalándonos un posto prominente na gran sinfonía en que se xuntan as voces espirituás e artísticas de todolos pobos. Ista xornada lírica foi preludiada xa con duas figuras señeiras, que percorreron roteiros distintos e opostos na leira dos acios da renacencia: *Cabanillas*, o vicario do bardo Pondal, o enorme e delicado poeta chamado da Raza, voltador tamén dunha época rebelde, pra escribir maravilloosas «sagas» basadas en lendas americanas que tiveron lexendaria atinxencia no lexendario do noso país. E *Noriega Varela* apellidado «Poeta da Montaña», cantor das cumes labregas de Mondoñedo, poeta das froles do toxo e das xestas, o lírico da urze e da abedoeira, que sabe dos carreiriños brañegos antre espiñas orballadas, e das noites de luar, e das noites pechas de inverno, e da ledicia do lume beilando na lareira, a ledicia parva e sinxela das fogueiras de San Xoan. Noriega e Cabanillas son os dous grandes poetas que preceden ao gran ciclo xuvenil da poesía galega contemporánea.

Vou intentar analizar dun xéito mui someiro aos principás representantes d-iste ciclo e pra unha maior facilidade agruparemos en catro grupos, constituidos d unha maneira subjetiva e cáxeque arbitraria, sin encadramento definitivo de todos iles nos agrupamentos respeitivos, anque poda haber unha aproximación relativa.

*Poetas creacionistas non gongorinos, que anteponen a selección de matices á selección de imaxes e veñen dos creacionistas franceses de 1933, de Divoire, de Vildrac, de Jean Cocteau...* Podemos considerar antre iles con todo o que tén de relativo este enmarcamento, a: *Manuel Antonio*, o mariñeiro poeta pra quen o veleiro e o pailebote son semáforos de suxestións, coñecedor do lengaxe técnico das cousas do mar, sírvelle pra descubrir en admirábeles metáforas as suas relacións estéticas. Manuel Antonio co seu incomparable libro de versos «De catro a catro» incorporou dun xeito definitivo as novas correntes literarias á poesía galega.

*Alvaro Cunqueiro*, o poeta mozo, que máis está dando que falar na aitualidade. No espazo dun ano leva xa publicados tres libros: «Mar ao Norde», «Poemas do si e non», «Cantiga nova que se chama Riveira», que marcan tres tonos diferentes no seu inusitado temperamento poético. Cunqueiro panrealiza o seu sentimento máis íntimo, e o que parece raro, ás veces casi romántico en todalas cousas. Na primeira obra amóstrase descravado, xeométrico, en prismas de cristal. Na segunda aparez xa desfeito en todalas cousas. O prisma rompeuse en vidrios escintilantes. Nas cantigas anda a xogar con espellos rotos, coa luz, a iluminación propia dos cancioeiros, que adquiere nil unha soltura, unha beleza e unha axilidade extraordinarias. Escoitade sinón, aquela que dí asín:

No peteiro do luar  
nasceu a erba mollada  
ai sil  
Segouna con vento limpo  
a risa nova da i alma  
ai non!

*(Continarse)*

da Coroa de Santa Cristiña e nas do coto da Vila. Na primeira a muller que ia cas oullas, viu pol-a porta que se abriu como moita xente beilaba dentro. Nas penedas da Labugueira ouvese tecer no interior de elas e na Ponte Avedela hai de seguro unha cidade, na que tecen asimesmo.

Co-ista crenza nas habitacións por baixo de terra, que n-outras ocasións describense como moi luxosas e ben postas, compre relacioar os camiños sobterreos da clás da que vai dende a Coroa de Santa Cristiña ó río Limia.

*As cidades asolagadas.*—A unha de elas debe pertencer o cruceiro que existe no Limia e no que tropezan os pes dos nadadores. Débese ter en conta que no nacemento de aquil río, na lagoa Antela ou Beón, está asolagada a cidade de Antioquia, compañeira das de Carregal, Domíños e Lago de Maside, e que é moi posíbel que se trate, no caso que agora comentamos, de unha emigración da lenda limia.

*O señor Sant-Iago.*—Os mouros da Coroa de Santa Cristiña pereceron a maus do Santo Apóstolo cando intentaban levar pro castro a iuga do río Cadáns.

A matanza da mouraría é unha contaminação nida da batalla de Clavixón en canto os traballos hidráulicos dos habitadores do castro é posíbel que teñan relación cas

obras das minas de ouro románs popularizadas principalmente pol-o tonel de Monte fúrado.

*A moura que da de beber.*—É ista a primeira vez que nos alcontramos no noso folclore castrexo c-unha samaritana de ista casta e temos que confesar non atinamos con interpretación douada. Relixión dos ríos? Virtude salutar das augas? Pode ser, mais é mellor estar á espreita de novas aportacións que agraren unha significanza que xusgamos por demasiado escura.

*As lembranzas históricas.*—Pode apuntarse n-iste apartado todo o relativo á capela de San Adrao no coto do seu nome e a da capela da Madanela no coto da Vila, xa que ambos semellan teren existido e ainda dado nome ós lugares en que se emprazaban.

É curiosa a atribución ós mouros da capela de San Adrao, reveladora da elasticidade conque se aprica tal calificativo a calquer cousa antiga, con desprezo absoluto da historia e da cronoxia.

Con menos seguridade poden dárse como lembranzas históricas as referencias en col das casas dos mouros e das murallas do coto da Vila.

FLORENTINO LÓPEZ CUEVILLAS E

XURXO LORENZO.

## ÍNDICE CULTURAL E ARTÍSTICO DO RENACIMIENTO GALEGO

Por FRANCISCO F. DEL RIEGO

(Proseguimento)

Ficeron festas as mozas  
o vento novo da alma  
ai sí!

A noiva crara do orballo  
quebró seu vidro de noiva  
ai non!

E ista outra de métrica descoñecida na nosa literatura, pro que tén un recendo das cantigas noruegas, que impresiona pol-o ritmo e pol-a musicalidade.

No niño novo do vento  
hai unha pomba doirada  
meu amigol  
Quén poidera namorala,

Ten ares de frío recente  
cousas de recén casada  
meu amigol  
Quén poidera namorala.

Canta o luar i o mencer  
en frauta de verde olivo  
Quén poidera namorala  
meu amigol

Tamén tén soma de soma  
i andar primeiro de río  
Quén poidera namorala  
meu amigol!

Eu digo agora eiquí, denantes de se dar á publicidade iste derradeiro libro, que terá de producir na crítica i en todos cantos coñecen a obra de Cunqueiro, unha sensación formidable e non agardada.

*Luis Pimentel* en «Diario de un médico de garda» amósanos unha visión do hospital, en que o patetismo do poema remata desfacéndose sempre n'unha nota de color e de serenidade.

*Bal y Gay*, licencese coma o anterior, e como o anterior un poeta creacionista tipo, somentes o coñecemos a través de poesías soltas, con que ten colaborado en diversas revistas, e que o sitúan nun prano ergucito da nosa lírica, taes: «Jazzs sonámbulo» e a mais coñecida de «Cartón».

*Eugenio Montes*, poeta de movilidade máxima, captador de todalas posturas inxeles do noso espírito racial no senso máis popular d'ista verba, aparece así refrexado no seu volume «Versos a tres cas o neto».

*Outeiro Espasandín* non ten publicado ainda ningún libro, as suas poesías, moitas d'elas inéditas, exhalan a beleza e a emoción con un matiz novo, con un acento fundo. O ceo e a terra xúntanse no seu elan poético. O ceo de todolos homes e a terra de cada un. Como galego, é un poeta universal.

*Poetas dasanovistas con influencia de Juan Ramón Jiménez*, de *Antonio Machado*, de *Hölderlin*, de *Paul Valéry*. E intento incluir n'iles a: *Amado Carballo*, que no seu primeiro libro de versos «Proels», deunos coma en vaso propio, a promesa da sua orixinalidade, o seu canto tenro e lírico matizado por un trémolo de malancunia. E logo no «Galo», libro póstumo, a emoción dos seus poemas de ritmo e sabor pastoista, en que a Natureza somellaba recrearse, traguéndonos paisaxes inéditos e perspeitivas novas.

*Carballo Calero*, poeta de senso novísimo entra no campo da lírica galega co seu libro «Vieiros», un dos melhores logrados na vendima da nosa renacencia. Agora, logo se nos aparecerá con un novo feixe de versos, ainda inéditos, nos que logra, e cecais sexa o úñico na literatura actual, ao menos na española, introducir a muller na sua obra, con unha función lírica e nun senso de cousa, xugosa e recendente.

*Augusto M.º Casas* en «Vento Segrel» aparece enfrentado por vieiros novos á par de Amado Carballo, conservando, con todo, un lastre tradicional no mellor senso da verba.

*Blanco Amor*, o autor de «Poema en cuatro Tempos», é unha das más finas personalidades da lírica galega. A sua obra é unha sinfonía do mar e no intento un poema de avangarda, que convierte ao seu autor no más típico poeta modernista galego, como ten dito Amado Carballo Calero.

*Poetas do novo romanticismo*, entre os cales somentes podemos encadrar a un soio dos atuais, a *Aquilino Iglesia Alvariño*, que se nos revelou primeiro como poeta cheo de pesimismo no seu primeiro libro «Señardá» e que agora con «Corazón ao Vento», aparecesenos con unha auténtica poesía da montaña, Senso pagán, Mitoloxía rústica finísima. Afán de ausencia. Nota de color en todolos os seus poemas, que mais que estados de azo díl, refrexan estalos de azo da natureza. Proba de que son poemas sin trampa. Iglesia Alvariño é un dos valores más considerabres da lírica galega, atopán-

dose no seu libro unha promesa de depuración xa perfeitamente crara e limpa da sua poesía.

*Poetas que retornan ao primitivo senso lírico dos cancioeiros*, para con mais segurança seguir a rota emotiva da alma da raza. Bouza-Brey co recente libro «Não Sentleira», en que recolle poemas xa publicados, logra o intento de restaurar na poesía actual, as valoracións poéticas dos Cancioeiros e enche un apecto da nosa lírica no que se non tiba feito ren, e que ademais ven na hora precisa en que aquela somella embarcarse pra viaxes longos e dificultosos. Sigue o ritmo e a métrica medievais e nisto difrénçiasi das cantigas de Cunqueiro, mais lixeiras, anque Bouza haxa acadado o millor ároso dos Cancioeiros n-áqueles tan belidos, como: «Quen dera ser nao sentleira —n aquel mar non presentido— das xa mergulladas terras». Ou n-aquil outro: «Moe, moe rodicio do sol—ai o corpo da nena leda—fitada de evocáns».

## A PINTURA

A pintura actual galega caraterízase pol o seu senso racial. Os pintores de ista hora fan o arte puro apoiándose no trampolin da vida galega. Os pintores novos da Galicia saben atopar aquí materia pra construir unha lingua universal. Crean pensando na cultura galega e buscan a materia no vivir galego. Pero pensar pra cultura galega, traballar pra ela, significa colaborar no seu avance. E isto equival a facer porque dia o paso que hoxe debe de dar. Tal é, e tal aparez a laboura limpia do máis representativo do noso arte presente. Imos á facer dil un análisis lixeiro, especificado en cada un dos seus nomes máis esgrevios.

*Castelao*.—O seu dibuxo ven do dibuxo alemán-xudeu. De aquil dibuxo que encarnan: Flehter, Paul Klee, Gross, Castelao acada con él unha etapa de preocupación pola liña que n-il é expresiva e logo nos dibuxantes que vénen despois vai á ser impresiva. Liquida o senso alemán-xudeu do seu dibuxo por unha preocupación social de temperamento racial —galego— Arte social no mellor senso da verba, distinto e desviado do dos alemanes que remataron n-una preocupación social revolucionaria de matiz universal e que fixo perder a expresividade á sua liña. Como pintor, Castelao é inferior ao dibuxante. En «Vento Mareiro». En «Terra de Lobos», óllase vir o conceito de pintura que logo ten de callar en Colmeiro i-en Maside e que fará que sexa posible falar d un xeito eslavo d-istes pintores. Castelao é, a máis, esa sustancia super-humán que se anuncia cando se faia. Que é algo como un humor de vidro desangrado.

*Arturo Souto*.—É o máis universal dos nosos pintores. Ensaiou todal as formas; desde o cubismo deixa o realismo máxico. Agora n-ista derradeira etapa, volta de novo ao realismo máxico. Os seus cadros: «Estampas coloreadas», «Baile de Porto», «Girls», «Mariñeiros con acordeón», son acertos cheos de gracia e de expresividade. Eu penso que, despois de Solano e de Colmeiro, Souto é o píñor que na Península tén o máis vario e formidable número de cores ocres, que n-il acadan unha vitalidade fondísima.

*Manuel Colmeiro*.—É o primeiro pintor galego de hoxe. Cunqueiro teno caraterizado, n-unha conferéncia inaugural da exposición que está celebrando en Ourense, coma un Cézanne que lle roubou a boca á Barradas e o ollo dereito á Marie Blanchard. De eíquel que todol os sens cadros falen e vexan. Un historiador de arte universal, diante de istos cadros, faría decontado a sua filiación eslava. Colmeiro é un barroco, pero un barroco que corresponderá á un senso que o medieval tiña do clásico, por volumes a formas e non por formas a volumes. Colmeiro é un labrego auténtico que pinta e ara coa mesma naturalidade e co mesmo esforzo. Colmeiro é hoxe o pintor galego de máis posibilidades. Entre os seus cadros, en «Cesto con cotelos», aparez a primeira natureza morta que se pintou en Galicia, respondendo á cousas vivas. É un lenzo branco extendido no campo,

Un cesto roto con pan de broa e n-unha esquiña do cadro unha mazá roxa con dazasete roxos diferentes. «Nai e fillo» é a sua mellor obra. Obra que habería que mandar en primeiro termo á un auténtico museo de arte moderno. «Hércules na paisaxe» é un mito labrego.

*Carlos Maside*.—É o que máis cousas sabe e por tanto, o que máis recursos tén, ainda que os empregue coa unha honradez máxima. O seu arte está na mesma liña que o de Colmeiro. As figuras dos seus cadros adequiren un volume e unha densidade que os fai cáxeque escultóricos. En Maside, o dibuxante manda nos tonos sempre. Non pinta con pincel. Pinta con espátula e paletina de dar cal os canteiros. O maior valor da sua pintura —i-é mui grande iste valor— consiste na premiosidade, nos volumes. Maside como Colmeiro, son sobre todo, pintores murales, e nun Estado galego con concencia da sua obriga, istos dous artistas terían paredes que pintar, na seguranza de que o farían coma ninguén en Galicia e coma mui poucos fora d-ele. Os seus cadros principais son: os tellados e rúas composteláns, riquísimos de cárne e de liña. Os tonos das casas son carnosos e a composición pódese afirmar rotundamente que é igual á dos tellados de René Clair en «Sous les toits de Paris» ou en «Vive la libertad». Temas campesiños e mariñeiros, son os de «Muller con cabalo», «As peixeras», «As mulleres sentadas».

*Luis Seoane*, anque arxentino, é un dibuxante auténticamente galego con un porvir magnífico. O seu dibuxo xa tiña precedentes en Galicia en Fernández Mazas i-en Cebreiro. Pero en Seoane tén unha inxenuidade e un ritmo que illes non tiñan acadado. As estampas coloreadas son feitas con tintas planas, ou sexa, tintas que se non poden mixturar pra outer tonos e que hai que conquerir a forza de somas. Estas estampas por esa dificultade e pol-a técnica novísima perfeitamente orixinal, son unha sorpresa grande pra todos.

*Ben y Bóo*.—Pintou seis cadros e aos doce días de expólos por primeira vez en Compostela, morreu. Era un primitivo. Por facer cousas como as díl pero peores, Spies pasa por ser hoxe, i-é, un dos melhores pintores de Europa. Nos museos hai cadros de primitivos italianos de bastante menos valor que a «Mujer» de Ben y Bóo.

*Laudín*.—É un pintor anxélico. Garda municipal en Santiago, foi intuído o seu valer artístico por Maside. En todos os seus cadros hai unha sutileza que el garda i-esconde nos cárneiros más crudos que ninguén pode imaxinar. Co isto fica dito, que ainda que non é un pintor culto, non é un inxénuo. O mellor dos seus cadros, cecilis sexa «O desnudo de nena».

*Torres*, está na liña de Souto e tén a mesma preocupación que tén Maside pol-as dimensións. Pintor mural como illes.

*Laxeiro, Granell e Castro Arines*, son promesas mañificas n iste novo camiñar do arte galego polos vieiros nacionais.

## A ESCULTURA

Asorey e Bonome, que escomezaran achegándose á aquel punto de onde surtisen as posibilidades da escultura en Galicia, remataron saiendo por camiños trabucados e insospitados nun escultor galego, anque non creamos a Asorey perdido definitivamente pra nosa tradición artística. A este respecto podemos lembrarnos dun ensaio do mestre Unamuno: «El arte de labrar la piedra en Galicia», onde están indicados dun xeito claro e taxativo os vieiros todos da nosa escultura. —*Eiroa Barral* ven á responder á ista tradición, e á este senso de artesán, de canteiro que chega á escultor e á artista por oficio do seu propio oficio. Falouse de Renoir referíndose á Eiroa. A referencia é xusta i-é o mellor eloxio que se lle pode facer. Na «Leiteira», á temática de construcción acada todos os planos sin se romper nin manchar en ningún diles. Podemos preguntarnos en cantos es-

cultores modernos se dá iso. Acusouse a Eiroa de indocumentado e ao pouco tempo expuña a «Cabeza de Cristo», que responde a un conceito de clasicismo anti-normativo, que ainda anda nos libros como idea avanzadísima e que soio Planes e Clariá na Península, Peigues en Francia e Mestrowkyck en Serbia, intentaron.

Podemos decir, pois, que a escultura xenuinamente galega, tal como a entendemos nun senso novo, está hoxe representada por Eiroa, escultor galego e universal.

(Continuarase)

## OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

### VOCABULARIO CASTELLANO-GALLEGOS de las Irmandades da Fala, Cruxia.

**E**STÁBAMOS faltosos d'un vocabulario d'esta caste. Unha chea de materias (prehistoria, historia, arqueoloxía, folclore, etc.) van sendo ben estudiadas; en troques, a filoloxía témola ben atrasada. Podemos dicir d'unha vez qu'en Galicia non s'estuda o idioma galego. S'algo queremos saber d'il temos que acodir aos traballos dos portugueses e ainda aos dos dialektólogos alemás da escola de Hamburgo. E non temos máis traballos indígenas qu'as Gramáticas prácticas elementás de Sacu Arce e Lugris Freire (as outras que hai, a de Mirás, etc., son descoñecidas pr'a maior parte da gente) e Dicionarios esgotados, com'os de Cubeiro e Valladares, ou incomprentos com'os da Academia, ou o dino de Louizán de Carré Alvarellos, só seu segundo volume nou estivera feito con demasiada prensa. Nen tan xiixerai hai unha abundosa recolleita de léxico. E non falemos da fonética e da sintaxe, que temos poucos me nos qu'inéditas. Hai é certo a *Gramática histórica* de García de Diego, que é unha boa guía pra a fonética, feita á base de documentos, e o estudio de Couceiro Freijomil na *Geografía del Reino de Galicia* da Casa Martín de Barcelona. E paramos de contar. O estudio de Margot Spitzer, o Dicionario de Eladio Rodríguez González fican inéditos.

D'este xeito, nós faiamos e escribimos en galego sen guía de ningunha caste, atal e como Deus nos deu a entender, anárquicamente, correndo o risco de derriamarlo. Compren estudos en col da no sa lingua pra traxer a gente cara unha norma engébre e difrenciada. Hoxe o galego están forxando escrusivamente os poetas, que por certo, escribeno millor qu'os prosistas, mais ainda antr'os poetas, non todos teñen o gusto depurado nem poseen o genio da lingua, como o posée, por exemplo, antr'os modernos,

Fermín Bouza Brey. Todos leemos canto podemos os documentos antigos, mais compre que se nos deprenda a leelos ben. E tamén compre escutar ao pobo.

Por isto todo son tan ben vidas obras coma ésta. As Irmandades da Fala recolleron elas de 15.000 vocábulos, e engaderon un valioso apéndice aclaratorio, con normas pra o emprego d'unha chea d'elas. Dende logo, non se trata d'unha obra científica, senón d'un libro práctico, de gran utilidade pra os escritores que encomenzan, e que foron educados na gramática castelán, e pra ler e escribir somentes a lingua oficial. E ademais unha boa probanza da riqueza da lingua galega enderezada cara o gran público.

O defeito meirande que l'atopamos, é o que os mesmos AA. do Vocabulario expresan n'ellas verbas: «Como nuestro propósito es el de unificar lo más radicalmente posible la lengua gallega, hemos omitido buen número de voces comarcas». Non compartimos iste criterio de demasiado estreito; o xeito d'unificar unha lingua non é pedala de todo aquello que non sexa d'usanza geral. Casi o que se faca é empobrecer o idioma. O xeito de proceder é precisamente o contrario: recoller todas as «voces comarcas», por restrixe que semelle a área geográfica da sua usanza, pra tornalas coñecidas en todo o territorio, co qual enrequentase o léxico común. Por outra banda, os AA. dan moitas veces como dialetas, expresións cujo dialetalismo había ser ben disutible, e ainda hai o reparo de que iste pensar resistese d'un criterio formado en parte nas terras cruceiras e mariñas. Tamén coidamos que, fendo dito, o Vocabulario podería ser considerablemente aumentado. Iste é labor dos que traballenriba d'il, pois precisamente o mérito millor d'esta obra é o de servir de base pra traballos futuros.

De toda sorte, já hoxe é un gran elemento d'estudo e d'ajuda pra os escritores galegos, que llo dehen agradecer as Irmandades da Fala.

medrando de dia en dia, en número, en forza e en audacia, que o porvir do mundo non está no que agardan uns e temen outros dos dous bandos en que semella dividido o mundo moderno.

É ainda unha proba de qu'a mocedade non é, com'énantes dicíamos, necesariamente revolucionaria ao xeito que a quixeran os avanzados hispanos. Esta mocedade prepara grandes sorpresas ás esquerdas, principalmente ás peninsulares, que a julgan por Remarque e por Doeblin, porque son os qu'a iles lles simpatizan, e coma quixeran que foran todos. Mais já se vai vendo qu'o non son.

Eiqui mesmo, a caraxe contra do nacio-

nalsocialismo é feroz. Moitos limitanse á censuraren as suas formas epilepticas, sen teren en conta a lei dos opositos, que require que á unha epilepsia teña que responder outra epilepsia, á unha barbarie outra barbarie. O nazionalsocialismo é tan fillo do noso tempo com'o comunismo slavizado, e ten qu'adoutal-as formas do tempo en que vive. O nazionalsocialismo é alemán, ademais, e os alemás tenden á exageración, ao escusivo, á violencia, nativamente.

Con todo, ten d'abondo pra ser bó, con ser a única forza que na Europa de hoxe se pode opor con eficacia ao marxismo.

(Continuará)

## ÍNDICE CULTURAL E ARTÍSTICO DO RENACIMENTO GALEGO

Por FRANCISCO F. DEL RIEGO

(Remate)

### A MÚSICA

No século XIX xa, Pondal, Curros e Rosalía cantaran en música lediceira. As verbas voaron baixo da luz milagreira do ceo galego. Foi unha leición de armonía e de vontade. A nosa lingua encheuse de vida. O ar de resoancias. As almas adequiriron simpatias resoadoras. Uns cantos musicos puxeron en música os versos dos poetas. O que se chamaba música culta estaba representada por Chané, por Montes, por Veiga, por Baldomir. Mais ista música era un arrecendo da música teatral da época. Nos nosos tempos, temos catro nomes soados, que enchen dun novo ar e dun contido novo o lirismo da nosa música. Co *Padre Luis Alvarez* con *Iglesias Vilarelle* con *Blanco Porto*, magnífico director da Sinfónica pontevedresa, e con *Bal y Gay*, autor dun delicioso poema sinfónico sobre poemas de Manuel Antonio; os seus roteiros poden ser un futuro belido i-ergueito.

### A PROSA

Iste xénero literario é estudiado en todos os seus matices e dimensións con agarimo e cristiandade fondas, por ilustres mestres que poñen á gran outura e asumen compreendidamente a sua representación: O ensaio filosófico, político, literario e científico. A novela, o conto, o teatro, son denominadores que adequien relevancia no presente decorrer cultural.

*Vicente Risco* é un home multitudinario que o atopamos en todo os camiños da nosa cultura. Eu quero soio destacar eiqui a sua novela «O Porco de pé», que é unha cousa dabondo estrana na literatura actual. Dila zuga un humorismo racial, paisano que moitas vegadas non está nas cousas que trata, que solo eisiste entre o autor e o leitor. Ollar sinón aquel xeito de cansalo con ringleiras enormes de nomes ininteligibles e que lle fai rematar ríndose. Risco é tamén, sobre todo, ademais de teorizador do nacionalismo galego, un folklorista insíñe con marcada base científica.

*Otero Pedrayo* é o creador da nosa moderna prosa. Guinda pol-a borda da sua nao senlleira os derradeiros lastres de plebeísmo que impedían dignificarse ao noso idioma. Otero Pedrayo logrou a maior parte das parcelas da nosa cultura, destacándose en todas. Fixo novela, e creou conto i-ensaio, chegando á prenitude n-istes dous derradeiros, e todos saben que é hoxe un dos primeiros xeógrafos da Península, que siente con paixón cada palmo de terra que estuda. Otero Pedrayo, finalmente, pódese decir que está encarado con total-as rotais más novas da cultura actual.

*Castelao*, como prosista, aparecérenos con un fino humorismo de fonda raigaña galega, como o que da vida ás suas xenias caricaturas, na orixinalísima i-extrana historia macabra «Un ollo de vidro». E como un gran crítico de arte nas impresións dun viaxe de estudio por Europa, publicados co tido «Do meu diario» en varios números da revista «Nós».

*Xodán Vicente Viqueira*, gran espírito galego i-europeo, estudou en Universidades alemanas e francésas e adicou toda a sua vida ás cencias filosóficas nas que sobresaiu dun xeito inusitado. A sua concencia formada ante as congostras da Terra e perfilada coas novas correntes da Europa que il tiña percorrido, era a concencia dun home preocupado por dar un valor de cultura universal ao movemento nacionalista galego. No libro «Ensayos e poesías» publicado por un fato de amigos despois da sua morte, xúntanse conferencias e artigos encol de custiós pedagógicas e artísticas, fragmentos e bosquejos de traballos, que responden aos seus anseios de liberacións ás suas grandes dotes científicas e culturais.

*Rafael Dieste* en «Os Arquivos do Trasno» exhibe unha colección de contos orixinais, que pol-a sua intensidade, pol-a sua emoción humana e pol-a sua finura estética poden figurar á beira de calquier antoloxía. E na «Fiesta Valdeira» comedia en tres lances, destácase, sobre todo, o primor de lengaxe e a finura de expresión como remate d-unha calida sensación do ambiente en que se desenvolvan as escenas e o vigor psicolóxico dos persoaxes. É unha sensación vivaz do real, animada e robustecida polo arte. Dieste co ista obra creou, sin ser deixa agora continuado, a verdadeira e única obra de teatro en Galicia.

*Eugenio Montes* en «Estética da Muiñeira», *Correa Calderón* na sua novela «Concepción singela do ceo» e *Armando Cotarelo e Quintanilla* en varias novelas e obras de teatro, contribúen tamén ao engrandecimento das nosas letras.

*Alvaro de las Casas* e *Filgueira Valverde*, considerados por mñ dun xeitonidamente subxetivo, como os mellores prosistas contemporáneos galegos, cultivan tamén todolos eidos culturais. Eu tan soio citaréi como obras acabadas de entrumbos: o «Pancho de Rabade» e «Os nenos», respectivamente.

Na prosa científica: *Florentino L. Chevillas*, considerado como o pai dos estudos prehistóricos galegos, *Sebastián González*, *Xesús Carro* e *Bonza Brey* ensaiistas de prehistoria e arqueoloxía.

Na química e na historia natural: *Parga Pondal* e *Luis Iglesias*. E despóis os redactores e colaboradores do Boletín eclesiástico «Logos», editado no mosteiro de Poio, e no que se estudan diversos e varios temas de carácter científico.

Derradeiramente, direivos que iste movemento de reivindicación cultural e de re-

construcción galega atopa coma colofón tres feitos outamente suxerente e de relevancia suma pra nosa laboura. O pulo xermolador de vizoso rexurdimento do Seminario de Estudos Galegos. A fundación dos agrupamentos «Ultreya», debida ao seu maor Alvaro de las Casas, e o rexo balbordo dos universitarios composteláns que teimán abrir todal-as fiestras da nosa vella Escola cara todol-os roteiros do mundo. As posibilidades futuras da nosa terra están aseguradas n-istes tres feitos, que con matiz eminentemente cultural tratan de conservar e acentuar as peculiaridades de Galicia, pra colaborar, coma todol-os pobos, na creación e mantemento dunha cultura universal.

Guillermo Haas, ten dito que «por doquer a Historia europea nos revela unha grande creación de cultura que comprende á todol-os seus membros.» Antre ises membros queremos e temos o dereito de estar nós. Veleiquí os nosos antecesores de liberación xustificados nas nosas arelas de futuro.

Aló en Sant-Iago, superador do arte románico. En Sant-Iago que se rí do sol, da lúa e da lauga.

En Sant-Iago, que xurde da terra e na terra zuga forza mística pra se erguer aos ceos. Albre vivente de lembranzas e xeneracións, aparece de novo o camiño de luces da nosa cultura, que como noutrora o ten de trocar na estrela polipétala en que ha de converxer pol-a lumieira das suas cen estradas todo o máis escolleito da cultura ocidental. É a verdadeira lingua da nosa esfera que sai do infinito e vai cara ao infinito, mollada de misterio, tremente frente á pubertade ou frente á morte. É a nova xeneración que sabe escoitala con certidume e con conscientia, que se sinte en camiño, no seu propio camiño, ao mesmo tempo que ara en todol-os mares e fadiga en todal-as estradas.

## Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza

### LEENDAS E SUPERSTICIÓS D-ARNOYA

**C**ox motivo d'un estudo humorístico que estou facendo en col de «Don Juan», botéme por estos lugares e aldeas de Arnoya á recoller lendas e contos que tivesen relación co Convidado de Pedra. Aprobeitei as que me fixeron falta, e aquí vounas á dar todas, por si fosen de algúin intrés pra alguén.

A primeira contouma Dolores Alonso, e di así: «Pasoulie no Val do Coñedo. Había lle ali un mozo moi garrido, qu'unha noite convidoulle á cear á catro amigos, e puxéronse de comer e beber como abades; mais ás doce da noite acabouselles o viño, i-entón dixo un d'iles: —Aver quen é o valente que vay á buscar viño á bodega. Como estaba un pouco lexos da casa, e pra ir á ella había que pasar pol-o camposanto, ninguén se atreveu, pero o que pagaba a cea levantouse e dixo: —Vou eu e convidarei aos que

haxa no camposanto. Así o fixo, e cando chegou frente á iglesia, viu un bulto branco que se movía, e dirixindose á dixolle: —Si queres cear vente conmigo. O bulto non lle respondeu e il siguiu o seu camiño, mais cando quixo meter a chave na porta, volveteu a cabeza e viu o pantasma detrás de si. Abriu e metérónse dentro os dous. Entón o mozo foi á unha cuba de viño, sacou unha xerra e dixolle á estantiga: —Queres beber? I-a estantiga colleu a xerra e dun trago vacioua. Sacou outra e perguntoulle: —Queres más? I-a estantiga fixo o mesmo, e así que bebeu tres ou catro xerras, o mozo dixolle: —Vai beber ao inferno, pantasma do demo. E colleu o camiño da casa coa estantiga detrás. Ao chegar á porta do camposanto o pantasma parouno e dixolle: —Non convides de noite á ninguén porque che pode custar caro. Á ti non che pasa nada ago-



## PRESENCIA DE GALICIA NOS VIEIROS DA ARTE NOVA

Por FRANCISCO F. DEL RIEGO

Señoras e señores:

Eu non din ainda ningunha conferencia encol dun tema que se ceñise estritamente a un motivo de Arte, e non tremades, non vou a debutar agora. Teimarei decir cousas que porten o desexo de ser fecundas. Dende logo que non serán cousas novas, sinón más ben apuntes de lembranzas, e propósitos de aventura cós que infiltrar na vosa concencia, unha confianza sereá nos destinos do Arte, e unha viva paixón pol-o porvir de Galicia debatindose nos seus vieiros. Mais que conferencia, dictareivos unha conversa encol de conceitos xa sabidos. E por outra banda ista ergueita Eisposición de pinturas atópase de acordo conmigo en non ser propicia pra as conferencias. Despois de têr ollado as obras ciuíx císpostas nada se pode decir de elas que non o digan elas mesmas. De ista pintura coma de toda pintura auténtica, a mí soméllame que soio se pode falar dun xeito que a mí se non me alcanza, e pra o que nin me atopo preparado nin disposto: dunha maneira metafísica e con un fondo espírito de sensibilidade e de comprensión, que son moi difíciles de inventariar nistes intres de desacougo e de desvio. Póde-se, en efecto, buscar e perseguir o senso plausíbel e posíbel de tal clase ou de toda clase de pintura. Xa sei — direi glosando unhas verbas de Corpus Barga — que quenes falan ben de pintura son os cegos, como son os xordos os que falan ben de música; os cegos ou os xordos, é decir: os críticos. Tíodo do que eu non podo facerme unha auto-

atribución. E por iso polo que non vou a cometer a impertinencia de falarvos de Arte, esplícando nin xuzgando, ou sexa, criticando. Propónome somentes situar notas e repetir ideas que andan flotando no ambiente do mundo culto e na concencia dos homes novos.

### OLLADA DESCRIPTIVA

É tema fundamental da historia do Arte: estudar o fenómeno da sucesión dos estilos. O demás, biografías de artistas, identificación de obras, estudio da evolución artística individual, é mero andamiaxe previo. Os conceitos asín teñen de ser expresión das tendencias que deron forma aos produtos artísticos dunha época; velahí coma non foron outros os que asíñaron axeitadamente, o cerne da tendencia clásica no século da zaseis, coma tamén os da tendencia barroca no dazasete. Nélo radica, cabalmente, o esforzo dos historiadores do Arte que, comprendendo o alcance das tendencias, traballan no descubrimento da motivación, derivada nos produtos que refrexaron.

Por eso coinciden a sua maioria, en que diante dunha obra de Arte non abonda nin o hábito cego do coñecedor, nin o sobrechouto dos espíritos sensibels. É decir, a obra de Arte, representa algo máis que maestría técnica, como tende a considerala o coñecedor, e algo máis que suxestións emocionais, como se complace en ollala o sensitivo. A obra de Arte, ao decir de Wölfflin, é a concreción dun estilo. Mais, houbo outros

que, coma Taine, buscaron o Arte na célebre teoría do medio, trocado nunha resultante de influencias que determinan os carácteres do seu estilo. En primeiro termo, sitúase a influencia do medio físico, que pode ser o paisaxe ou o carácter do clima, por exemplo. I en efecto, de él a do medio social, manifestado nos costumes, no estado histórico, na tradición... Wolffin, superando ista teoría do medio e desexando anovar o pensamento que a orixina, busca a estreitura que fai posibel o estado emocional nado da contemplación do Arte. Establece un resultado de diferenciación entre, o arte riguroso que impresiona pol o que é, pol a súa realidade corpórea; e o Arte pintoresco que influie pol o que parece, pol a impresión do movemento. Spengler, tamén de acordo co a súa concepción do mundo, afirma que o estilo trócase nunha especie de sustancia metafísica que se expresa con carácter equivalente nas distintas formas de cada cultura.

Pro nós —lonxe de intentos pra sentar dogma, ou perfilar camiños— sin despreciar súixerencias tan autorizadas coma determinantes de tendencias ou de estilos, pensamos no Arte auténtico prescindindo de remexer nos seus motivos. No Arte de todal as épocas e de todol os matices que non é precisamente o que é fermoso nin o que agrada. O gran Arte para miñ —d'acordo con algunos autores— é o que eleva. As obras maestras de todal as Artes, agraden ou desagraden, fános sentir a forza da elevación. Ó escotitar a Sinfonia Pastoral ou Bach, o leer a Shakespeare ou a Sófocles, o contemplar os cadros de Miguel Angel, ou a pintura de Picasso e de Cézanne conmovenos e soerguenos sempre. Claro que isto pode ser un tema de burla pra os graciosos que surxin do Arte, con air de superioridade, dende o outo da súa pequenez. Pra os que un cadro do natural vale pol a «Gioconda»; pra os que un pasodoble algareiro vale por iste vello xordo de Beethoven ou ise compositor sublime de Mozart. Pra os que Delacroix, o único gran talento da pintura romántica francesa, é un pelmazo. Pero eu xa non pensei nunca en dictar unha conferencia encol dun tema coma o que hoxe me ocupa, pra persoas que por adiantado sei teñen de renegar de todo

canto recenda a corredo novo e a tinte de cultura.

O arte, e más concretamente o arte posterior ao mil oitocentos, qué se deslizou deixa os nosos días sobre dunha paisaxe crúa, iluminada, conmovedora, tén que ser reivindicado e salvado das tropelias con que o analabetismo o aldraxou, e das contumacias ateigadas de incomprensión con que o delinaron os seus vexaminadores. Pero quenos son ises vexaminadores do arte actual? «Xeralmente uns pobres espíritos que non pertenecen a unha fronteira nin a outra. Os que sin se submeter ao espiral das avanzadas, nin aos retorcimentos do progreso, porque teñen diante de si o mármol dun velador, coidan ter a campa do arte novo. E o que teñen tras do propio mármol son os seus propios pés fediondos a colillas e a século dazanove». Non se pode abandoar nin despreciar o sentir dunha corrente anovadora, cando ista corrente vibra ao compaso da época que a despertou. O Renacemento do século quince e o Novecentismo do século vinte teñen ise mañísco valimento, que significa sincronizar o estado de paixón e de azo, da etapa que os fixo xurdir.

Asi o arte renacentista queimouse de ledicia na renovación de dous vieiros: «A via Careggi de Florencia, encol da que se sentaron as bases da volta a Platón e ao mundo antigo, e a Via das excavacións, sobre da que desenterraron os amadores de esculturas e moedas, tórsos e textos do helenismo, pol o meio da rica terra romá».

Asi o Arte de hoxe, dibuxouse en corpo avante no cerne dun soio camiño: a súa propia impotencia pra se trocar en Natureza. Velahi a súa significación, a de ser un Arte isrido. Como a música de hoxe é música isrida. I, en fin, a pintura de hoxe é a pintura máis verídica de toda a historia do Arte, porque nos di a maior verdade que éla pode decirnos, ou sexa, a verdade de si mesma.

Brion e outros muitos autores quixeron ver, e de tal xeito o proclamaron, ao primeiro pintor moderno na persoalidade de Giotto. Pero Giotto, situado na mitade dunha encrucillada histórica tan batida por intensas correntes de Arte —bizantinismo, pre renacentismo, primitivismo xermanico— o mis-

mo pode ser o primeiro pintor moderno que o derradeiro pintor bizantino.

A traietoria ondulante e viva da pintura nova, estreitase i ensanchase nunha paisaxe heroica, pol-a que, coma rodas en rieles, decorren nomes e feitos, obras e lembranzas. Do Renacemento ficou resolto o problema de armonizar todos os elementos da figura. Despois Leonardo veu a conquerir o clarecuro que tiña de lograr seguidamente a súa madurez coa Escola veneciana. Inicianse, logo, as grandes vacilacións do século dazaoito, entre o realismo e o clasicismo. Dubidase entre imitar á Natureza ou imitar ao Arte mesmo. E neses intres de dúbidas e de quedanzas, de meandros e sinuosidades, xurde un nome, o nome de David. *David* que aparece revolucionario, dentro do senso evolutivo histórico do Arte, tirando a súa pedra contra o conceito da cultura antiga. *Yngres*, aspira máis tarde ao clasicismo, pensa en Rafael, pero xa hai nel unha pura inxenuidade. *Delacroix* ven detrás, colmado dun fervor rebeldé, e co-a súa pintura divisionista é un auténtico precursor do impresionismo. Pero o que influie xa dunha maneira definitiva na falanxe impresionista, é o pintor *Monet*.

Aos poucos instantes, no ano 1874, todos os que compoñían aquela falanxe, organizan unha Exposición coas obras de todos. *Claude Monet* eispo tamén, entre outros, o seu cadro tidoado «Impresión: Sol saliente», e diste cadro xurde o epíteto de «impresionistas» con que os calificou un mediocre crítico de aquela hora, pero que tiña de perdurar, marcando unha época na historia da pintura nova. Do Arte impresionista decia Picasso, contemplando un cadro da súa escola: «Neste cadro hai chuvia, hai albres, hai casas, hai todo menos pintura». Ien efecto, que non se pode dar unha definición nin máis cabal nin máis esaita do que aquel Arte significou. Pero ainda houbo alguén que buscando unha correspondencia no filosófico, ao que no artístico o Impresionismo representaba, delinou, noutro exemplo de retraso; na chamada Fenomenoloxía. O Impresionismo para os pintores —continúa Euxenio d'Ors— veu a ser o que poderíamos chamar «Declaración dos Dereitos do home e do cidadán» a

beneficio disa plebe espiritual constituída polas *sensaciones fuxitivas*, elementos aos que non tiña dado valor o Arte tradicional, namorado non soio do aspeito das cousas sinón do que Poussin chama o seu prospeito, é decir, a sua racional, legal, tectónica entidade. Pois igual que o Impresionismo fixo coas sensaciones fuxitivas, a Fenomenoloxía teimou facer, entre os filósofos, coas *puras presentacións de conciencia*, cos desvencellados *fenómenos*, ergueitos por ela, a categoría de *oxetos*. Por iste xeito de correspondencia entre unha corrente filosófica e outra pictórica, califica o citado autor, a Bonnard de fenomenólogo, dentro da pintura contemporánea, a Cézanne de platónico, e coma vengador sarcástico da Impresión, a Giorgio de Chirico que rexurde contra do Impresionismo, máis que os valores inmarcesibels da eternidade, a morta anécdota do clasicismo.

Houbo quince anos máis tarde outro Arte que se denominou *Expresionista* e que iba precisamente a erguer un senso contrario ao do que o Arte Impresionista deliñara. Gauguin, van Gogh e algún máis, tremolaron un famoso manifesto en que decían a esencia artística da corrente que postulaban: unha transfiguración da natureza por medio dunha vigorosa simplificación plástica e linear. Soio tén xustificación artística —decian— a idea que o artista se fragua das formas e coores das cousas. E nela, cabalmente, radica a entrana do movemento que comportaba o tido de oposición, na verba: Expresionismo.

Despois, ese movemento excepcional que veu a ser como a táboa de salvación na que se salvaron en ergueita aventura, as esencias incorruptibles da verdadeira pintura: *O cubismo*. O cubismo que tivo coma pai e coma mentor a Pablo Picasso. Indubidablemente que non toda a obra pictórica de Picasso é cubista. Hai que mostrarse un pouco reacio en atribuir propósitos a un pintor coma o ilustre malagueño, que é pintor estritamente e non sabe ser outra cosa, o pintor cecais por eso máis hotante, más boiante do seu tempo. Sobor das pinturas de Picasso erguéreronse moitedume de teorías; pero el é un dos pintores que teorizaron me-

nos. Hai un conceito na sua obra que a define e a enaltece. Iste conceito refréxase nunha alocución verbal sintética: *atopar*. Velahfi unha verba que reasume maravelosamente toda a pintura, en cuia base tén que haber indefectiblemente a inspiración que atopa, a intuición que adiviña, endexamais o cerebralismo que busca. «Intento representar o que atopei, non o que busco», decía Picasso. «En Arte as intencións non teñen ningún valor». Belida defensa do automatismo que é, precisamente, adonde hai que ir a buscar a clave da súa pintura. Non as matemáticas, nin ao psico análisis, nin á xeometría. Automatismo, inspiración, intuición; atopar, atopar e atopar constantemente con inusitado estremecimento inspirado.... Eis o segredo de Pablo Picasso que crea co seu pincel animado ininterrumpidamente do imponente tremor vital, todo o aspetto dunha época. Aspeito que lle valeu no pensamento de muitos a categoría de farsante, sin que eso fose óbice pra que o Arte por él iniciado chegase a universalizarse, sobre todo nas súas primeiras consecuencias, a crítica da pintura impresionista e da pintura concreta. Aínda máis, a súa propagación chegou até as aplicacións más prácticas da pintura, orixinando éso a súa desvirtuación. Durante muito tempo as xentes non entendian os cadros expostos nas Exposicións cubistas, e sin embargo levaban dólles a ollada dos cadros cubistas pra incrustala en todolos xeitos de manifestación luxosa e de arquitectura caseira.

Pro nisa victoria tan ben lograda do cubismo contra do impresionismo pictórico, houbo ademais artistas que proclamaron a morte da pintura visual, postulando unha pintura *tactil* que puidese ser gozada coas puntas dos dedos. Restañouse asin do cadro toda tenrura de coor pra esculpir na tela coma os bós imaxineiros tiñan pintado na escultura. Un dia penouse en suprimir a luz pra que caese o arte tradicional da visión pura, facéndoa moura. Tal teimou facer Rafael Barradas, trocado en verdugo da pintura, en frenético antipapa do Arte. Era cando o poeta buscaba de café en café a imaxe triple, e o pintor remexía en precura da representación tactilica....

O *suprarealismo*, alimenta coma movimento artístico unha tónica que en derradeira instancia sigue o procedimento de outras escolas do ambiente novo: destacar de entre todolos elementos que xuntos constituyen a obra de Arte, un solo —a forma líneal, ou o volume, ou a coor, ou a metáfora— e elevarlo ao rango de elemento esencial e único.

O surrealismo afasta a unha beira os factores conscientes da elaboración artística, deixando obrar exclusivamente ao inconsciente. Agora que, por unha ironía ineisplicable, é frecuente que se gaben as obras cubistas por certas armuñas de coor e unha pintura impresionista por algún acerto de expresión voluminosa.

Atal foi a fluencia evolutiva do arte, en razón da súa significación vitalizada. Do cubismo, pode afirmarse que logró conquistas i espansión porque veu a ser a solución duns cantos problemas esencialmente plásticos e porque se definiu nunha necesidade viva da pintura que se estaba desvirtuado. O cubismo pra Corpus Barga, foi o imperio dos persas na pintura. Picasso, cal Ciro o Grande, fixo imposible as novas emigracións asiáticas, o movemento periódico do Arte en París.

Acabouse o carrusel, si continúa o feirado arte pictórico. Intuíte oollar xa aos pintores coma naturalistas, impresionistas, feristas, cubistas, expresionistas, avangardistas: non hai máis remedio que voltar a oíalos coma pintores. Agora a pintura que estamos vivindo é a que xa sin temor cada artista pode pintar como queira.

Estamos en Arte, igual que en todas as cousas vivindo a pulmón pleno a verdade do progreso, sincronizada coa situación dos tempos. Nesta hora da música pura, do rascacéos, do avión, da radio, do cine sonoro, das revolucións extremas, non se podía ficar rezagado labourando en contra da vida do progreder humano i espóndonos a que ese progreder nos arrolase. Precisábase esa actitude do Arte pra que o desprecio das xeneracións vindoiras non criticase o retraso na evolución, e pra que o Arte reflexase esasitamente o sentir da cultura actual revelándose nas suas intimidades máis ocultas, na representación de si mesma polos propios valo-

res, sin recurrir ao artificio dunha púdica penumbra, sinón asomándose na súa claridade máis sustancial.

Pero si a pintura tén por todo o dito unha categoría de prisma universalista e por outra banda debe de resolverse baixo daquel prisma co-a materia do vivir de cada país, con que a compón o artista a él pertescente e por él sentido, que xeito teñen de armonizarse entrambos conceitos?

Indubidavelmente que é a idea de cultura, dentro da cal o senso do arte atópase com prendido, a que nos ha de dar a solución do problema. E a idea de cultura derivase, coma resultante, da concepción que se teña en col da Patria. E a concepción da Patria resólvese pra miñ nunha diferenciación de espíritos, cada un dos caes eixe a sua autonomía. A súa independencia. A súa vida a se. En relación de correspondencia cos demás. Ou sexa, a outa e consagrada verdade universal dos nacionalismos. Nacionalismo é a afirmación de toda cousa nada no cerne dun pobo: dos seus costumes, das suas artes, do seu idioma; más ainda, é progredir pra ista afirmación cada vegada máis ergueita, más grande, más apaixonada.

As nacións —como di Viqueira— son os puntaes verdadeiros da cultura. A humanidade desfaise en nacións, porque precisa órganos. As nacións, pois, son órganos da humanidade con misiones que cumplir. A de Galicia chega e por eso rexurde. Veleiqui por qué se armonizan perfeitísimamente os dous conceitos que citaba denanteriormente e que poden parecer tan disímiles, tanto na pintura coma en calquera outra manifestación do espírito, nacionalismo e universalismo. Nacionalismo e universalismo que se funden nunha misma impresión de progreso e de actualidade.

En canto á idea do arte, pode afirmarse que en Galicia hai un Arte propio, un Arte galego que tén de perdurar indefetiblemente ao traveso dos tempos e das innovacións, porque se está sedimentando nun efectivo progreso do mundo, porque os artistas que o compoñen non viven de recetas concedéndolle todo aos gustos do público, sinón que mantéñen, pola contra, unha traileitoria nova e valente, ainda espónsese, como na

realidade pasa, a que os espíritos záfios e aldeáns con unha desconfianza e unha prisa mental verdadeiramente exemplar, a tachen de camelo, cando non con insultos e vergonxentos xuicios adversos.

Carecemos, nós, dunha auténtica tradición pictórica. O século dazaseis apenas deu pintores á nosa Terra, e os que deu adolecían de falla de releve, sin que patentizasen valor algúin. O mesmo ocurriu co seguinte século-dazasete. O dazaoito comeza a ter certo relevo naquel aspeito con Figueroa e Ferro, entre outros. Despois, dibuxouse un lixeiro atisbo de soerguemento na época romántica que contou con Villaamil, ateigado de aletons innovadores e definido nun espírito coorisia. Logo Avendaño. Mais tarde Carrero, Parada, Justel, Xoaquín Vaamonde... Pero todos pasaron e non fica déles ningunha lembranza, precisamente, porque na súa obra non latexa a vida do verdadeiro Arte; o mesmo que pasou con outros pintores que lles sucederon; o que está ocurrido con muitos pintores da actualidade que, por encima da misión esencial da pintura, buscan ante todo, o efecto moral das suas obras sobre o contemplador.

Pero, en troques, contamos hoxe con un núcleo arriscado de valores que persiguen no seu Arte o Arte mesmo, tanto coma un desexo de categorizar o senso e a luz da Terra galega. Tomaremos de exemplo varios nomes. Todos conquiren co-a sua pintura o desejo que se propoñen. Si os medimos antre si trabucarémonos fatalmente. «Non hai xeito, din as matemáticas, de comparar cantidades heteroxéneas». Por outra banda, dinos Goethe, na súa poesía «Modernos»: Cómo se pode comparar Hans van Eyck con Fidias? Eu vos insino que debe esquecerse o un pol-o outro. Si consideráseis sempre un déles (poderíase ainda estimalo) Así é o Arte, así o mundo: cada cousa agrada en virtude das outras cousas.

Castelao é o artista de Galicia, consagrado en todol os senso. Mantén na súa obra unha liña realista que lle fai plantarse frente a Europa contra o futurismo, nistas conclusiones, do seu *Diario*: «Eu ben quero ser un artista do meu tempo eisí coma o son da miña terra. Mais como aceptar as cousas do

Arte novo en Paris, si casi todas elas están alonxadas da natureza? Si me desen a escoller eu prefiro ser home da miña Terra e más me enseña un albre que unha escola. Compre facer Arte e non filosofía. Os pintores temos que ir ao pobo como van os músicos. Velahí a nosa canteira».

Indiscutiblemente que éinxusta esta postura daquela época en Castelao. Soio perdonable nel porque é a alma da pintura toda que se produxo despois en Galicia no senso novo e pra o que gardou posteriormente a máxima comprensión. Castelao é coma sustancia super humán que se anuncia cando se fai. É coma un humor de vidro desangrado. É o espírito románico e popular da Terra, as candas das restrevas montesias e a roda dentada das costas, onde as escumas erguen os seus alaridos de auto sacramental. O Drama de Galicia ergueito en perfiles plásticos.

Colmeiro, como xa apuntei noutra ocasión, é un pintor barroco, pero un barroco que corresponderá a un senso que o medieval tiña do clásico, por volumes a formas e non por formas a volumes. Pode considerarse no plano máis outo da pintura galega de hoxe e cunha riqueza artística, a más ateigada de posibilidades. Enroitánse os sens cadros por un camiño que pudera estar afillado orixinariamente a unha concepción eslava e definense nun inusitado poder de luz —por eso ollan istos cadros— e nun claro alento de motivos novos e inmorredoiros—por eso tamén falan os seus cadros.

Souto que ensaiou todal-as formas da moderna pintura, tinido con ares fortes de universalidade, pensou a maioría dos seus cadros con un senso decorativo cujo perfeito desenrollo ha de ter lugar, necesariamente, en plena arquitectura, sobre dun lenzo de parede, coma decoración mural. E Maside, o pintor de máxima honradez e de multitude de recursos, facendo estampas, non se deixou vencer pol-as más audaces e sabrosas soluciones do volume no Arte exípcio. É un pintor mural coma Colmeiro e coma Souto e coma Juan Luis, todos os que, teñen assimilado con grande capacitación inspirativa, a verdade do plano e fállanos en puro lenguaxe de dimensións.

Torres, Seoane, Laxeiro, Virxilio Blanco...

entrónçanse, tamén, con unha persoalidade recia niste afán da Galicia nova de facer o Arte polo Arte, en razón de que a pintura se feche en si mesma e faga o que lle dí a gana no seu propio mundo, o mundo do plástico, independizado de capacidade pra se trocar en natureza. E si así non fose, a pintura non existiría, xa que o afeizado aos oxetos belos, adequiriríao, mellor que encarregar as suas imperfeitas imaxes. E si así non fora, tamén, si se quixese buscar a maior e más esaita somellanza entre o ser real e o lenzo artístico, non tería razón de existir o Arte pictórico, o naturalmente eispicabel era recurrir ao cine e á fotografía. Pero afortunadamente a pintura é o que quiere ser, e o que está na propia pintura, na órbita do seu universo. Así o quixeron ollar os nosos pintores dista hora dibuxando os seus contornos internacionaes con un matiz nacional de Galicia improntado coas alocuções más rejas do noso vivir diferenciado, da nosa realidade dramática e do noso pulo galego.

Eu hoxe, ao vir invitado a explicar ista conferencia nunha Exposición de Arte, tiña os meus receios por non saber sobre de que Arte, diante de que Arte iba a falar. Logo, despois de admirados detidamente istos cadros, xa non me cabe a más lixeira dúbida. Atopámonos diante dun pintor de corpo entero cuia obra se define por si mesma, sin necesidade de eloxios nin de comentarios ao marxe.

Virxilio Blanco é un artista rexo de senso novísimo e de fonda raizame galega. Coma outro pintor xa citado —Carlos Maside— non pinta con pincel, pinta con espátula.

O seu galeguismo contrasta a súa obra co noso ambiente, co noso gusto. O seu galeguismo é tan firme e acusado que, ainda traballando lonxe da Terra, eiselle pra súa obra, o eco familiar distas montañas, e o bajabordo salgado do noso mar.

A súa modernidade obriga, por virtude de tén o seu pensamento na cultura autóctona, a traballar pra elas, o que significa tanto coma colaborar no seu avance. A súa modernidade, en fin, sométeo á improba tarefa de contribuir a que a nosa pintura dia hoxe o paso que definitivamente debe de dar.

Diante dos cadros que compoñen ista Eisposición óllase todo eso e muito máis. Óllase, por exemplo, que a súa pintura non necesita ollos humanos pra mirar ao espeitador. Porque é a pintura a que contempla aos visitantes e non os visitantes á pintura, como nas rúas, os que están nos balcóns ou nas terrazas dos cafés, son os contempladores dos que pasan. E nin siquera fai falta un olllo de animal nin un olllo de máquina. Os cadros que más miran son cecilias os que representan paisaxes. Tédes comprendido que chamo ollada da pintura — coma certo escritor cuio nome non me é fácil lembrar — á luz da mesma pintura. E ista de Virxilio Blanco, certa e indubidabelmente, que a tén. Con ela non recolle modas caidas nin simulacros depravadas, sinón as francas suposicións da vida, e sin que fiquen soltos os coorins da pintura en artificio de papel de seda. A súa é, carne e sangue, claro balcón do mundo, sempre a pintura difinificando o siño, compaitando os aramios.

O malo é que ante a aitude do novo Arte e dos seus postuladores e defensores en Galicia, ergueuse un revoo de impúdicos ataques, e a desorgaizada organización dos reitores oficiais e dos pequenos mecenás, abandoa lixeiramente aos auténticos e verdadeiros artistas da nosa Terra, namentres que ampara por todolos meios ao primeiro comerciante do Arte, que tan a miudo xurde polos camiños da Patria Galega, vendendo a idea da pintura e postergando os motivos de Galicia. Diante déso non cabe máis que unha campaña saudable por banda dos espíritos escolleitos, a prol da salvación do noso Arte peculiar e novo.

Lembrome arrestora dunha pasaxe histórica que é un exemplo vivo da realidade actual: Fai uns dez séculos, namentres Europa se atopaba sumida nas negruras da espetación do ano mil, frolecia en Persia o poeta Firdusi. Frolecia baixo o poder dun Sultán, que era ao mesmo tempo, o señor dos seus servicios e o discípulo das suas cancións. A más belida distas, encárrego diste Sultán, foi, Mamud, que así se chamaba, ofrecéu en premio a Firdusi sesenta mil moedas de ouro. Rematado que estivo o poema, o poeta envioullo ao Sultán. Mais iste, por avaricia

ou por envexa, en vez de sesenta mil moedas de ouro, envioulle sesenta mil moedas de plata, en ocasión en que Firdusi estaba no baño. E o poeta sentindo o pensamento do seu señor, colleu o premio, distribuilo en tres partes iguales e entregóu, unha ao bañista, outra ao mensaxeiro, e outra a un escravo que o servía. Logo fuxiu, alonxándose da persecución do Sultán. Cando era xa vello e dera fin á sua vida vagabunda, Mamud arrependido, envioulle ao poeta o ouro do premio ofrecido. Mais cando o mensaxeiro entraba por unha porta da cibdad, saía pola outra o cadávare de Firdusi pra decitar a sua gloria nos confins derradeiros da eternidade.

Tamén, dun xeito somellante, cando queira reivindicarse o arte logrado co esforzo valente dos artistas dista hora, xa os artistas terán desaparecido sacrificados en aras da indeferencia pública, anque coa satisfacción de terse entregado en corpo e alma á grande empresa de salvar a Galicia e ao seu arte, que tén de ficar, coma pulo señorío de innovación no panorama vital do noso porvir.

E nada máis, señoras e señores, co istas catro ideas que vos levo eipostal, penso que vos apuntei unha aitude diante do arte que non pode ser máis que a aitude esixida poloprogreso da humanidade, por unha forza superior do mundo entero, da que non podemos desvincular a Galicia.

A primeira finalidade do noso movemento nacional é refacer na historia a sifificación ecuménica da nación galega. Refacer de novo a nosa Patria, equivale a tanto, coma proieitar sobor dun porvir — desde o presente saturado de verdades novas — o segredo dun pasado xenial. E si Galicia ha de ter ista valorización cultural de persoa diferenciada na Asamblea da humanidade, precisa de contornos que a avalen. Por eso nós colocamos polas esquinas do ar da nosa Terra, as inquedanzas más grandes dun futuro nacional. Por eso, ollando bén aos ollos normativos, trascendentais da Europa nova, tecemos con materia galega, un arte universal. Por eso, ante un programa que se afunde, ante unha táctica anacrónica que fracasa, a mocidade galega, que é nosa e do mundo, anda a burilar cos seus más grandes entu-

sasmos, o pregón de valores imponderábeis que determina a persistencia no tempo e ao traveso do espacio, de Galicia. De Galicia, nación na sua política que ten de ser diña, ceibe, idealista e nova. De Galicia, nación na sua cultura que ten de ser fecunda e acuñada coa alma racial pra se fundir, logo, con persoalidade propia, baixo do novo crisma: universo. De Galicia, nación na sua poesía, na sua prosa, no seu arte, en fin, que significa tanto como conquerir o seu avance que, precisamente, por ser auténtico, é vital. Esto non é toleria, nin snobismo. É señoritas e señores, o senso verdadeiro da revolución

que é preciso operar definitivamente en Galicia, pra constituila, en consecuencia, no noso propio benestar espiritual e na sua finalidade resurreita e xenial.

Eu, sin sairmos dos lindieiros do arte, atopo nel, no que trazaron os imaxineiros do noso meioevo, coma niste que se desliza polos novos caminos e do que é un espoñente real Virxilio Blanco, unha invitación pra voltar ao xenio íntimo de Galicia. Unha orde que encerra todo un plan de marcha pra alzar esa imaxe de Patria que arelamos, por enriba de toda a xuventude do mundo.

## M I T T E L E U R O P A

(Proseguimento de Da Alemaña)

por VICENTE RISCO

### II VIENA

O postre foi melón, uvas e un prégalo moi bolo.

As señoritas falaron o que quixeron, e eu calado. Había unha mais nova, fea e repunante qu'a todo lle puña chatas, sobre todo ás persoas de quen falaban. Tiña unha fala fingida que lle saía por un bico estreito qu'ela puña de cù de polo. Era atacante.

Fumamos, din as boas noites, e fuame deitar.

#### UN DIA D'ENCERRO

Durmin moito. Cando m'erguin, precurei a hora e eran as dez. Búlin a presa pra ir à misa na Elisabeth Kirche. Ouvín a de once. A gente cantaba, pero non houbo sermón. Despois da misa pecheime na casa, porque tiña qu'escribir, arranjar os papeis, clasificar as notas, preparar traballo, e isto todo llevaba tempo. Estiven sentado á mesa, por frente ao páteo feo. Ademais, chovia.

Chamaron a jantar. As señoritas ja eran sete. A miña beira puxeron unha rapaza noviña, nen feia nen bonita, pasadeira, c'un nariz raro, cortado en bisel. Toda queimada do sol, moi acesas as meixelas, o encarnado

fagüialle brillar mais os ollos azúes crudos. Estaba calada, coma min. As outras falaban.

Falaron d'unha coñecida d'elas, qu'acababa de casar. Casara c'un rapaz escritor, de relixión evangélica. A dos anteollos coñecia; a repunante tamén.

A repunante falou d'il con acenos de disprecio no bico de cù de polo: si, era escritor, pero moi bohemio, non tiña ningunha sociedade... Eu matinaba pra contra min: quen cho dera a tí, pouco chistel! A vella comentaba póndose no plato compota, en compañía da carne con salsa e croquetas de patata que nos deron despois da sopa:

— *Schriftsteller!*

Semellaba ironizar á conta do escritor.

Despois do plato aquil, serviron arroz en dulce. Se non estivera un pouco compauto de mais, estar estaba ben. Por riba tiña unha salsa de chiculate. Velehi está onde fun atopar unha das nosas millores lambiscadas. Veredes que a cocíña prestase a un fondo estudo geográfico e etnográfico; por iso e pol o demais, non perdo ocasión de falar d'ela.

Despois de jantar, coma non tiña tabaco, fun tomar café n'un café d'eiqui do barric,

tamén café de vila rural, con espellos pequenos nas paredes. Déronme o café con *Sahne* e con dous giornais, dos que, por non faguer disprecio, leín un. Por il entereime da unión eleitoral, en Berlin, dos názionalsocialistas cos comunistas. Diredes: o qu'un vé n iste mundo! E non é tan d'ise geito. Son tantas as semellanzas, que non precisan ser extremos pra tocárense. O espricalo ben precisaria un curso de politeca, unha das cousas da que todos falan e ningún entende; ademais que parte do esencial ja a deixei dita, e agora hai cousas millores de que falar.

Fixenme con tabaco e tornei á casa. E traballei e matinei longamente nas miñas cousas, n-aquela tristeira soedade, frente ao pátio escurento onde chovia sen descanso

... «comme il plait sur la ville»

N-esas cousas que se pensan e se calan. N-esas cousas que son d'un e somentes d'un o mais propio, o tesouro espiritoal de ditas e de penas qu'un agarda pra si, e que son o único importante que hai no mundo, a verdadeira vida acochada na intimidade, da que cecais nen tan xiquera a morte o pode privar, pr'a qu'un non desexa tampouco ningún río Limia que lle dea esquecemento, porqu'ainda a dór pasada énos tan querida que nona quer perder nosa memoria. Santa memoria, idéntica á y alma. Se Platón dixo que saber é lembrar, eu digo mais: vivir é lembrar. O recordo e mais o ser son a mesma cousa. E eu son da terra da lembranza e do lirismo, ond'ainda é posibele a suma intimidade, o solagamento total do home en si mesmo, e eiqui, longe de todo o mais amado, sinto con delicioso medo renascer o introvertido qu'eu fun cand'eu era e que deixei de ser en parte, pra gastar, malpocado, tanto do meu ser.

A ninguén se pode aconsellar que faga o qu'un fai; os gustos —di Nietzsche— poden ser diferentes. Non me debe intresar tampoco dar consellos, pra qué? Mais vós, os que sexades capaces de gustar a vida interior, veleiqui o que vos digo: ben está o escribir, e locir, e saber e facer, mais quen ten dereito a que escribades e fagades? Que fermoso e que fondo é o silenzio, que digno e que nobre! E que ordinario e baixo o balbordo e a

leira onde calquera ten a palabra! Gardai por tanto, aforrai a vos y alma.

Cando chamaron pra ceiar andaba eu longe, mais retornei sen pena, fun un pouco sonámbulo ao comedor. As señoritas eran oito, e na outra cabeceira había un señor vello de manifeca facha, cabelo e bigotes com'as neves dos Alpes d'onde baixa o Danubio, o qual ergueuse moi fino pra me vir dal-a man. En Viena, case todolos señores semellan Archiduques, e vése qu'ainda se conservan as maneiras do bon tempo vello. Pensa un se non serán istos modestos señores de facha aristocrática qu'un atopa na rua, títulos da Corte dos Habsburg arruiflados pol-a revolución, ou se non se trata mais ben d'unha raza extraordinariamente afinada e distinta deca ser naturalmente aristocrática. Porque d'estes tipos non se ven en Berlin, nem en Praga. Non precisan penachos nem uniformes pra semellaren tipos cortesáns, senón qu'o levan no seu natural, coma de nacencia. Cécais foi o exemplo educativo da corte imperial o que produciu istos modelos de selección, já tan escasos no mundo, e por elo mais valiosos.

Déronnos macarrón con salsa de tomate doce, que francamente, non me gustou nada, e compota de pera. A miña veira estaba a rapaza queimada do sol, calada coma sempre. O señor aquí bebia cerveza. Eu nona pedin por non facer rubil-a conta. Fumamos, saudei e funme deitar.


Enantes tratei de seguir o fio do meu pensamento anterior, mais já foron outras cousas as que viñeron á cabeza. Ainda as andiven perseguindo unha migra.

Por fin metinme no leito. Fora un dia descanzado.

## OFICINA

Erguinme ás nove da mañá. Despois do almorzo, fixen chamar por teléfono ao señor Fadrüs, pra quen traguía unha carta de Berlin. Responderon qu'iba no Ministerio d'Instrucción Pública, Minoretten Platz.

Conque, vestinme de señorito, e fun á Karolinen Platz collar o autobús, e cheguei á Stephen Platz. Estiven na catedral, porque era a Virgen dos Remédios, perguntei a que



# ESPRITO POLITICO E FORMA CULTURAL DA NOVA GALICIA

«NOTAS PRA UNHA XUVENTUDE  
NACIONALISTA NOSA».

Por FRANCISCO F. DEL RIEGO.

## INTROITO

Nista hora todal-as aitividades do nacionalismo galego atópanse plasmadas no desexo de reclamar o recoñecimento da persoalidade de Galicia pra anovar a sua autóctona cultura, pra defender a sua autodetermiñación política, pra integrar na comunidade dos pobos, a libertade do noso pobo, pra que Galicia, en fin, «cumprindo os seus destíños histórtcos, encha o imperativo que representa o seu vencellamento a unha superior unidade humá, que teime asegurar, guindando coas fronteiras, a paz dos pobos e o benestar dos homes».

O noso principio nacional, pois, concretízase nas verbas devanditas. Pascal Mancini no seu discurso de apertura da Cátedra de Dereito Internacional de Turín, decía: «nación é unha sociedade natural de homes e de lingua, que aceita unha *communanza* de vida e de concencia social». Pascal Mancini era esixente e coidaba, sin dúbida, nunha nación ideal á cal Italia podía somellarse en algo. Sociedade natural. Cádruple unidade de territorio, de orixe, de costumes e de lingua. É moito pedir. Aceitemos, logo, que ainda fallando algunha das condicións da nación ideal que Pascal Mancini definiña, poden eisistir e durar nacións da más imperfeita e troitura física i espiritual. Aceitemos que algunha distas condicións, por si soias, poden crear unha nación. Un nacionalista francés —René Johannet— no seu libro «Le

principe des nationalités», que é un alegato contra do dereito á libre determiñación dos pobos, dinos simplificando as cousas, que «Alemaña é unha raza, Exipto un río, A Gran Bretaña unha illa, Austria-Hungría unha política, Italia unha lingoa, Turquía unha conquista, Os Estados Unidos un territorio, Prusia un estado. Francia unha dinastía, unha tradición, un territorio».

Con todo isto, en Hespaña onde se tén producido a unidade económica e a unidade política, non xurdiu a nacionalidade hespañola. A Peninsua sigue sendo o que foi sempre: unha realidade primaria; un armazón xeográfico limitado por douis mares e unha fronteira natural; vasta cunca de escuras afinidás e repul·iōns, que nas condicións aituaes de vida e de civilización se non funden coma se non fundiron endexamáis. É que non eisistiu a vontade de ser unha nación. É que se non té i determinado a meditación duns orixes comúns, nin ficaron nunca manifestacións dunha tradición sólida. A política autoritaria e o Estado absorvente non conqueriron levar a cabo a consolidação do que deu en chamarse unidade hespañola Privouse de libertade ás nacionalidades ibéricas. Estranguláronse os seus instintos tradicionaes. Pero se non buscóu endexamáis a fusión de vontades. Non se foi detrás da compenetración dos pobos integrantes e diferenciados, acadando, somentes malcoser as nacionalidades peninsulares nunha concepción artifiosa e falsa porque

estaba basada na idea da unidade pol-a unidade. Ao estender Castela os seus límites iniciaes, e ao seguir instinctivamente unha política assimilativa da variedade peninsuar, traballaba, tamén, por unha garantía pra sua eisistencia e pra sua seguridade. De non feito asín, é probable que o núcleo inicial castelán houbera sucumbido diante dos pulos converxentes doutros núcleos peninsulares. Castela, diste xeito, chamouse Hespaña, e os pobos assimilados a sua idea axudan a satisfacer o seu imperialismo, que cando trata de estendelo a nacións xa definidas pol-a Historia, choca con un instinto nacional que sabe defenderse.

Hespaña non foi nin é unha nación. Non creóu unha «Comunanza di vita e di consciencia sociale». Non levóu a impronta definidora dunha carakterización peculiar. Ao máis, preséntase como unha nacionalidade, tal como as define o xeógrafo i economista Xohán Brunnes: «Un grupo humán que pugna por se desenrolar, deica trocarse nunha nación». É o grupo matriz Castela León, base natural da futura política absolutista, que sin propórseo formalmente, interpretou o gran papel histórico de pobo domiñador, porque se axeitaba ao seu orgullo de raza, á idea mística de superioridade que de si misma tiña. E sobre todo, porque respondía ao feito de térra adequirido unha forza preponderante ante os antergos reinos peninsulares. Mais frente a il situáronse proclamando as suas libertades e os seus dereitos, as outras terras ibéricas que arelan lér o seu cántico no breviario político da humanidade civilizada, que fundamentan a sua eisistencia nos feitos históricos e naturaes, e manifestan o seu derecho político no feito biolóxico esencial da vontade coleitiva. Son Cataluña e Basconia, i é Galicia. O recoñecimento da sua persoalidade integral, a sua autoctonía nacional e o desexo de ser elas mismas, vive no exemplo das páxinas da «Nacionalidade Catalana» de Prat de la Riba: «Había que saber que éramos catalás e que non éramos más que catalás, sentir o que non éramos pra saber craramente, fondamente, o que éramos, o que era Cataluña... É ista a fillación da nosa doitriña. Non son os equilibrios más ou menos inxeniosos do federalis-

mo; non son vagas descentralizáns que tanto se nos dan; non son a bondade e a beleza dos nosos costumes, nin as ventaxas do noso dereito, nin as virtudes e valer da nosa lingua; non son os anceios de bon goberno e adeministración civilizada. É Cataluña, é o sentimento de patria catalana. Ser nós mesmos. Ista é a custión. Ser catalás...

»Si ser patria, si ser nación era térra unha lingua, unha concepción xurídica, un senso da arte propios; si era térra esprito, caraiter, pensamento nacionaes, a eisistencia da nación ou da patria era un feito natural, como a eisistencia dun home, independentemente dos dereitos que lle fosen de feito recoñecidos. O escravo romano era home anque pol-as leises do seu tempo fose unha cousa nas máns doutro home, do home oficial que as leises recoñecían. A nación era nación anque as leises a tiveran suxeta, coma o escravo romano, á outra, á nación oficial, á nación privilexiada. O home é home, anque pol-a lei non o fose; a nación é nación anque pol-a lei non o sexa».

Galicia, coma Cataluña, constitúe unha realidade política obxetiva da Peninsua, que supón unha libertade. Basada nisa concepción do nacionalismo xurídico, apúntase outra realidade peninsular obxetiva, que eisixe unha intelixencia antre todolos pobos que a compoñen.

Velahí, pois, a xustificante do programa que a xeito de eisordio, espoñía ao comezo diste traballo. O derecho da nosa Patria a recrearse espiritual e materialmente; a defender a sua persoalidade nacional afincada nun espaciu xeográfico e proietada no tempo dunha continuidade histórica. Programa iniciado xa cando o liberalismo —que na sua primeira etapa fora unha simple e catégorica afirmación de libertade— fica planteadoo coma un problema de orgaización e distribución de libertade. As pequenas nacionalidades cobran concencia do seu derecho a ser ceibes. O espello encantado do liberalismo en que se ollaron os homes do Século XIX, esnaquízase en mil anacos. E si o principio permañece por natureza un e indivisible, o sentimento pasa do xéral ao particular, do abstracto ao concreto. O novo pra mellor imporse, vístese coa roupa da Histo-

ria. Á repercusión na nosa Terra diste tras-toque do espírito público ínzase pol a segun-da década do novecentos.

As «Irmandades da Fala» fundadas por Antón Vilar Ponte; e Vicente Risco coa sua «Teoría do nacionalismo galego», axuntan arredor do novo idearium, xentes novas, vo-ces mozas que decontado comezan a espalla-lo por aldeias e cidades. Galicia é paisaxe emocional. Galicia sentiase en toda a sua conmovedora tristeza. Pero como dí Herder: pra intensificar o amor á terra, compría engadir o coñecimento ao sentimento. Ruskin dixo tamén que era necesario comprender a natureza en toda a sua agarimosa sinxeleza. E así os nacionalistas que pregoaban a ver-dade da nación galega, sentían co ela a vi-vencia emocional da sua paisaxe.

Ergueita xa a nova doutrina que leva coma profesos á homes que destacan no campo de todal-as aitividás, iníciase a xeira proselitis-ta que perdura e se tonifica ao traveso das xeneracións. Os continuadores, a chamada nova xeneración, e os mozos que veñen des-pois. Pra contén os pulos anovadores o mar-co hispanol resultaba estreito e a unidade do principio de libertade xa se vislumeaba, non na idea do Estado nacional que tiña caraite-rizado o Século XIX, sinón na de un Super Estado internacional, onde todol-os dereitos —os dos individuos e os dos pobos— flcaran recoñecidos e salvagardados.

Nista hora a mocedade galega fidel e coado-ra disa doutrina nacional que os seus feitores lle entregeron, érguese en grupo pra recla-mar con xuvenil impertinencia, non soio a sua parte na vida, sinón o timón da política e da cultura nacionás. O repertorio do seu dereito vai precedido por un feito biolóxico: *a xuventude*. E a tesis do seu programa pode ser resumida así: a mocedade de hoxe coida têr un perfil propio; síntese radical-mente diversa da madureza imperante; des-confía das organizacións políticas e sociás vi-xentes, e cree chegada a sua hora de operar; pra refacer unha Patria; pra anovar unha Cultura; pra empregar xeitos políticos que teñen un matiz polifacético e que están mui lonxe de bandeirías e de partidos. Chegou o intre de anunciar que somos un movemento, nutrido dun ideario, consciente do seu desti-

ño. Traemos en nós as forzas políticas más decisivas e por tanto unha força impulsiva de nova dirección.

### ESPRITO POLÍTICO

O espírito político da nova Galicia, tense de entender desvencellado, pois, de calquiera área de baixa politiquería que tén dividida esa masa amorfa que é hoxe a nosa Terra, en gruñños fechados, inaccesibles a toda transixencia do espírito. Eduardo Spranger no seu libro «Psicoloxía da edade xuvenil», despois de adevertir que a postura política da mocedade é variada nos distintos pobos e nas diferentes circunstancias históricas, reco-nce que dun xeito típico, a tendencia insur-xente e o descontento, caráterizan o empu-xe mozo. Ante a repugnancia pol-a política vella, alguén berrou nos ouvidos da xuven-tude: «*Apoliticismo!*» —Non! Apoliticismo, non. Política, política nova. Política coma vello molde, coma estrofa clásica; pero con un contido inédito deica agora, con un fondo renovador. Política que teña coma principal oxeto o trastocar a vida do noso pobo, que nos faga sentirnos descravados no tempo e no espacío, pra que sexamos o fermento permañente da Galicia do mañán. Política que debe situar o seu foco de visión no in-fundo do tempo, regulando co il o seu aituar. Do contrario, de pôr ise foco de atención en algo próximo, concreto, correría o risco de que, ao non ser acadada, se iniciase a deses-pranza e o decaimento. A tónica rebelde e o acento iconoclasta, cecáis viñeran desviando a marcha do movemento xuvenil galego por roitas incerteiras, e trabucados camiños. Son intres de reitificar errores e de encanlar as nosas mocedades polos auténticos vieiros do noso porvîr nacional. Mostra galega distas mocedades vixentes, é o estudiante dista hora. É mozo do meio universal xuvenil: emporiso é deportista e ledo, ao mesmo tem-po que profesional en cerne e político en re-volución. Ii debe ser guieiro na marcha, ini-ciador na formación dos que adveñan voca-cionados á nosa idea, e contén na pureza doutriñaria, meiatizadora da meta final.

O evanxeo programático e redentorista debe ir despois a toda a Galicia galega.

Crear o ideal de «Galicia nación» como idea-forza do noso rexurdimento; e o de «Galicia, célula de universalidade» coma degoiro de armoñizar, lonxe de todo son imperialista, a nosa Patria, na irmandade universal dos demás pobos. Traballo cotián a prol da sua autodeterminación política. Espallamento do principio da sua libertade i eisaltación da concencia galega, orientando o senso progresivo co senso tradicional, xa que a nacionalidade é máis que un recordo, unha espranza.

Todo isto se non pode facer, por tanto, dende a área dun apoliticismo do que quixo ser outavoz na Hespaña, a «Gaceta Literaria» e que atopou eco nalgúns mozos intelectuás da nosa Terra; mais o seu programa siñificaría pra mocedade galega e pra eisistencia da nosa Patria a castración e a morte, xogadas nas horas más decisivas do noso futuro. Non pode ser, pois. Compre soerguer o espírito da Terra, orgaizala aproveitando as suas íntimas eficiencias e impulala cara a sua finalidade. Despois, a nosa colaboración no aerópago universal de pobos ceibes, que non escluie, nin escluirá endexamáis as diversas e variadas formas de colaboración particular antre as nacións de intereses comúns e de culturas afísis; e ainda cando fora un feito ista asociación ideal, elo non siñificaría que os pobos que a constituyen renunciaran ás suas ambicións e que abdicaran dos seus ideáis. Axudaríamos asín á salvación da vida internacional, loitando primeiro pola democracia interna, coma base de democracia internacional. Xa que si os individuos son, en efecto, os pobos en pequeno; os pobos son os homes en grande. Ou noutras termos: os pobos son, asegún feliz expresión de Giuseppe Mazzini, os individuos da humanidade. Vaiamos logo, despois de têr orgaizado a Galicia, á obra de orgaizar racionalmente a vida internacional. É mester facer tábula rasa da edade meia que nos abruma ainda; declarar a todolos pobos ceibes e iguás diante da natureza e diante da Lei; recoñecer niles a soberanía; chamarlos a formar o poder público destinado á tutela dos dereitos de cada un, e crear a constitución universal.

Ben sabemos que frente a nós e frente á idea de levar a cabo a realización dunha

política liberal obxetiva, especificamente peninsular, que teña por principal condición o recoñecimento da persoalidade de todolos contratantes, pra que haxa libertade e seguridade pra os pobos ibéricos, érguense outras voces vidrosas e anacrónicas que sentan a afirmación de que «Hespaña quere ser nación de novo, mais pra pasar a un novo ideal de sobre nación. Pra afillarse a un gran servicio humán, ecuménico, e polo tanto diviño».

Pero ista aspiración dun novo Estado, atal e como o pensan os corporativo-imperialistas do intre presente, non abrirá nunca as portas dunha realidade. Porque o Estado hispano —que como di Gonzalo de Repiaz— logo que se ollou dono dos novos mundos perdidos na inmensidáde dos novísimos mares meteuse a ermidaño acolléndose á soedade dun erial, antre estériles e lúgubres granitos, no punto morto, más morto do vello Continente Oidental; non pode enxergar un punto de renacencia basado na idea de seguir sendo garda dun panteón, tétrico edificio que xigantescamente repite a parrilla en que asaron a un santo, e que por panteón e por parrilla é un símbolo.

Porque ademais, compre decirles aos defensores dise novo patrioteirismo, con frase dun escritor contemporáneo, que non hai rodillo con bastante peso pra trocar ás montañas en cháns e alongar a seca estepa pol as crebadas e regadas terras da periferia; e que más difícil é ainda extirpar as ideas, trocar as sentimentalidades, destruir a alma dos pobos.

Contemplando ardidamente a paisaxe cidadán e política que nos circunda, ollamos nela unha urxente demanda de libertade. Dispoñámonos, pois, a executar os novos xeitos de vida. Non importa que ao facelo sexamos ladrados. O novo espírito mozo tén que abrir có cuño do noso tempo, a precio tan outo como se nos pida, boquete por onde se faga respirabel a atmósfera da Patria. Pra quen non tén libertade, o primeiro é conquistala. E nós temos de recoller, apertadamente, pra Galicia istas verbas ispidas, erguendo o busto con vitalidade de renacida médula. Eis o espírito político da nova Galicia.

## FORMA CULTURAL

Cecais sexa necesario aforrar definicións arredor diste punto que vou a tratar coma segundo, niste traballo *Forma. Cultura. Nova. Galega*. Catro ideas dun soio tema. Non embargantes, o rubro xeral de «Forma cultural da nova Galicia» tén tantas facetas pra eisaminar que non é posibel compendialas nuns apuntes lixeiros, e fica somentes o dereito a insinualas sin pasar a estudar o fondo das mesmas.

Pra os filósofos alemás – de Kant a Rickert – cultura é progreso e perfeicioamento. Pra Rousseau e a sua escola a cultura é un retroceso, e siñifica diminución dos valores humáns. Spengler considera a cultura coma nnha nova posibilidade de eispresión. Un orgaismo que subsiste en diferentes formas –sincrónica ou sucesivamente– en diversos pobos cuia historia será a «biografía do conxunto dos seus orgaismos». En senso estricto, Cultura é pra Spengler, «a forma de vida de suprema categoría», que empeza na prehistoria e remata en civilización. Nós, segundo a concepción Spengleriana, ou interpretando a definición de Simmel «o camiño da ialma cara a sí mesma»; lonxe do conceito vulgar e académico de que cultura eisprexa o resultado de cultivar os coñecimentos humáns; temos que afirmar a eisistencia en Galicia dunha cultura caraiterística e diferenciada que a política de tres reises fixo avantar no meioevo por derriba dos Pireneos. Cultura eispresada nunha lingua, manifestada nun arte, encarnada nun esprito criador.

A unidade cerrada tan funesta, praiticada pol o Estado absolutista. A plena unidade de doitriña disa misma Institución, non permitiu o desenrollo das variedades ibéricas. Quixo matar o esprito, as culturas e os ideaes das nacionalidades peninsulares, e paralizou a sua evolución producindo o seu estancamiento, namentres durou a política de imposición. Pero hai que recoñecer tamén que non todo foi responsabilidade política. Galicia, coma todol os pobos de bruma nórdica e nutridos de cultura e tradición oincidentás, ollou asolagado o seu camiño pol o avance renacentista. Aquíl aluvión huma-

nista e neoplatónico; aquíl gran resplandor mediterráneo; aquila concreta serenidade helénica, pesaron muito no noso estancamento. A cultura autóctona galega, esváese asín pasenxamente, e xa até o Século XIX non se inicia o seu espertar. É claro, decisivo, contundente nos comenzaos do XX, e hoxe medrando como as escumas en pingas polimórficas trai no seu fluxo acharón de nós, algas aveludadas, belidas campanulas flutuantes, bandadas de páxaros navegantes que erguen o voo a espacios infinitos pra iren de novo a pousar máis alén.

Había nacións que soio tiñan nas máns trunfos da Edade meia ou da Antigüedad: valores mortos e venerabeis. Outras coas suas belas artes, coas suas paisaxes, coas suas músicas locaes, coas suas gracias ou coa sua noble historia. Pero Galicia era dona dunha cultura que perdurou ao traveso dos tempos manifestada nunha lingua, lazo interno que xungue uns con outros aos individuos do noso pobo, mantendo cohesionadas as suas xeracións. Emporiso o citado Spengler decía que «a lingua dunha nación é a eispresión más ampla, más fonda, más forte do seu caraiter; a forma plástica más xenuina de todo o seu pensamento, sentimento e vontade». Ista cultura e ista lingua son bandeira de combate da primeira xeración galega que se queda en Galicia. E coas, coma postulado esencial, eisistencial, despois de se ceibar de vellos prexuicios e de tñr camiñado, desnortada por todolos ca miños, realiza a primeira laboura nacional, tendente a dar categoría de pobo, no concerto do mundo civilizado, á nosa Patria e ao noso feito criador.

Con xesto audaz irrumpen seguidamente os novos. Os homes que no seu advimento atoparon xa descuberta unha materia galega na que sinalar o selo do seu tempo que tanto como a rebeldía vale hai que admirar a concencia. Sin ista, aquéla non pasaría de ser unha aspiración, un propósito. Calla en eficacia a sua aititude innovadora. Non hai snobismo fútil nin vaguedades áinda non orientadas e inermes. Pol-a contra, a laboura dos novos impõe pol os seus propios valores intrínsecos; pol-a madurez xa conquetada – prodixio e instinto – dende o primeiro

balbuceo da sua incipencia. Sin embargo, ficaban desatendidos algúns puntos que requerían tratamiento eficiente. E os xeitos literarios padecían un intenso fluxo e refluxo de modos de avance, anque por pura paradoxa, isas modas representasen un retroceso nos dereitos adequiridos sobor da masa espeitadora. Claro que moitos deles levaban en sí, cecáis sin decatarse, unha maneira neo romántica. Non é que cantasen aos címiterios índose pras tabernas. Non facía falta que cantasen a princesas medievás de guedellas loiras; nin leixasen o cabelo longo e o sombreiro sucio. Abondaba con que se leixasen guiar pol-o temperamento apaixoadoo e pol-a emoción espiritual da Raza. O demás —cifra e imaxe— soio era a cuberta exteriorizadora do sentimento íntimo.

Agora que nos atopamos no intre máis crítico da nosa eisistencia cultural, en vísperas dunha loita defínitiva pra sua emancipación, a xeración áitual, máis responsable que ningunha das suas antecesoras ante Galicia e ante o mundo, tén unha misión ímpresa que realizar, impulsando a brís nova, a brís da hora, carregada de todol os especiosos efluvios crepitantes, pra hinchar os velames da nao rumbo aos mares novos. Tén que sacudir a modorra con desasimento da rutina, e conscientemente —con domiño das suas esaitas capacidades— voltarse de cara ao mundo. A indiscipriña, a irregularidade e a desvertebración do seu aituar presente, han de ser trocados pol-as suas antítesis. Compre que cada mozo galego se faga nunha especialidade, pra que sendo autoritariamente científico ou culto, atope dentro de sí mesmo as novedades que debe de levar ao pobo. Os creadores de poesía de todol-os reinos (un Edwin Arlington Robinson, un Stephan George, un Paul Claudel, un Miguel de Unamuno, un Bernard Shaw, maestros cada un do seu e dos seus) saben que a sua força está xa toda en eles mesmos. A mocedadade de Galicia tén que formarse en sí mesma i-en contaito coa realidade. Discipriñarse científicamente e despois formar, ante todo, unha masa de espíritos receidores. Compre dar á nosa literatura un afán proselitista de eispansión do idioma. É necesario crear un arte social. Facer un teatro. Proiei-

tar os labores universitarios cara o campo e as mariñas. Traballar nun «Corpus» de traducións seleitas, de clásicos e modernos que contribuiría a formar un núcleo de espíritos galegos mellor preparados e sobre todo, más ambiciosos de categoría universal, ao contaito con obras maestras. Sentir a Galicia na sua totalidade, na sua diversidade, na sua integridade nacional; e amosala coma luceiro na constelación de todal as Patrias. Estudar a nosa historia dends os abrentes das civilizacións. Vivir a emoción vibradoira da nosa paisaxe.

Asín, percorrendo todol os horizontes da Terra, en cotián e íntimo contaito co iles, poderemos facer unha atmósfera de valores, entroncándonos de novo —coma noutrora— cos homes e coas culturas que puideran somellar más dispares á nosa. Aituando na formación da propia concencia nacional e contribuíndo a encher o ideal de solidaridade humâ.

Atal é, sintéticamente eisposto, o panorama que circunda no presente, a nosa promesa de aituación e a espranza dunha Galicia nova. Si a Historia tén marcado na nosa Terra tres puntos cumios: na civilización Céltica, de mañífico senso artístico; na época dos Pelerinaxes, na que os peleriños traían a Compostela todal-as Culturas da Europa, cando a Hespaña da meseta aínda vivía na barbarie; e no Século XVIII en que aparez o noso arte barroco; issa mesma Historia tén de engadir outro punto cumio, cando o aitual Rexurdimento nos incorpore con un bagaxe de creacións ao concerto dos pobos que crean e pensan.

Giménez Caballero dí no seu libro «Genio de España» escrito pras xuventudes *jonsistas*, «que a cultura non se reduz a pedagogía. Que a libertade é unha teoría parlamentaria. Que o económico é un mito adxetivo pero non sustancial. E que o indixenismo en España puidera ser unha ocasión pra unha vida internacional e ambiciosa».

Si as orgaizacions jonsistas non comezan a aituar axeitadamente é posíbel que axina «se despeñe Hespaña» nunha balcanización, nun meievalismo anárquico e desesperado, vixiado e intervido por algunha gran proteitora de Balcás, como é Francia».

Ante istas concepcións, nós que imos pola defensa das institucións democráticas, temos que atoparnos preparados contra calquera das manifestacións devanditas que xa encheron os cerebros, valdeiros de contido, dunha parte da mocedade universitaria galega que continúa sendo aínda alongamento espiritual de Madri.

Queren impôr na Península un monoglotismo atávico. Desexan mantér un uniformismo cultural. Arelan destacer o espírito e as ideas dos pobos ibéricos porque non son as suas.

Frente disa laboura negativa nós temos que erguer unha obra de construción, ceibándonos da marca de perentoreidade e afirmando o noso pulo facedor. Reemplazar a anéidota polo designio. En troques de sen-

tirnos transeuntes da xuventude, sintámonos nacionais dela. Non a coidemos alumeando no intre da nosa vida, sinón tallán-doa na sua enteireza.

E logo, ollar pra Compostela. Alí está o noso espírito resplandecente, engarzado na cadea dos séculos e deitado nos bosques de capiteles. Durme na roda dentada do Pórtico da Gloria e baila no Obradoiro, ante a brétema, unha danza armoñosa de curvas gráciles. Pensemós no porvir cultural e científico da Raza, seguindo de novo, en pelerinaxe confortador, o camiño de estrelas que leixou no ceo a ialma do Apóstolo. E o día en que as luces renovadoras acesas polos mozos de Galicia, se xunten en foco converxente, na nosa Patria terase feito enorme e deslumeante craridade.

